

## Julio Gallego relata as propostas que ten para o resto da súa legislatura en Samos

Julio Gallego Moure, rexedor de Samos, comenta o seu traballo diario á fronte dun concello pequeno en extensión pero que conta con moitos anos de historia e un valor patrimonial importante como parte do Camiño de Santiago. O socialista leva 14 anos á fronte do Goberno local e segue a considerar o rural como o motor da economía local, un sector que necesita moita inversión, sen esquecer as múltiples posibilidades que ten a localidade noutros eidos. Gallego expón nesta entrevista tanto os seus proxectos como rexedor como a súa faceta máis persoal. **Pax. 21**

## Volven as cores do Entroido

A celebración da tradicional festa volve á vila para que nenos e adultos se disfracen e animen as rúas trala mellora da situación sanitaria



A vila de Sarria retoma a celebración do Entroido tralo parón que se viviu no ano anterior debido á pandemia. Nesta ocasión, o desfile muda de data, pola celebración da final da Volta Ciclista a Galicia, ao primeiro domingo de marzo. O resto dos concellos seguen madurando a decisión de realizar a festa xa que a situación da covid aínda segue a ser preocupante e hai medo aos gromos. Deste xeito, asociacións e concellos aínda irán ampliando e completando, en función da evolución da situación sanitaria, as súas programacións para unha celebración que dará comezo o 25 ata o 6 de marzo. **Pax. 2**

**sarria.** Estímase que a pasarela da Ponte Ribeira esté finalizada este mes. **Pax. 4**

**láncara.** Comezan os traballos de limpeza nas antigas vías do tren. **Pax. 12**

**O incio.** Falamos coa escritora en lingua galega Marica Campo. **Pax. 15**

**triacastela.** Tres casas do maior para mellorar a calidade dos veciños. **Pax. 16**

**paradela.** Convocan o concurso dos locais do parque empresarial. **Pax. 18**

**páramo.** O Concello compra varios inmobles e terreos. **Pax. 19**

**samos.** A comunidade de montes de Toca pide plantar 4.000 árbores. **Pax. 20**

## O Esmorga Fest será o 1 e 2 de abril



Confirmado xa o cartel para o festival. **Pax. 3**

## Volve a Festa do Cocido Porco Celta



A edición da festa será a finais de febreiro. **Pax. 4**

## Pesca con mosca en Láncara



O Club de Pesca Río Neira organiza unha xornada. **Pax. 12**

## Urxen á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación urxe á Xunta a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. A administración provincial insta a que se creen

todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, coas recomendación da OMS. **Pax. 10**

**OFERTA**  
Válida ata o 31/03/2022

**Pack Familia**  
Por **59€** ao mes  
Prezo fixo para sempre.

fibra 600 megas  
2 liñas móbil 20GB  
chamadas ilimitadas  
internet ilimitada

telefono FIXO  
pack TV

**ITS SARRIA**  
C/ Calvo Sotelo 192, Baixo. 27610 Sarria (Lugo). Tel.: 982 093 000  
info@its.gal / facebook.com/ITSarria / @its.comunicacions / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas limitadas con uso razoable, máximo 3000 mínimas ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fixo inclúe 500 minutos de chamadas a fixos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).



## SARRIA

## Sarria elaborará unha das Alfombras Mundiais do Xacobeo 2022

Sarria prevé acoller, por segundo ano consecutivo a alfombra dentro do marco O teu Xacobeu, que é un programa de axudas específicas para a dinamización socio-cultural do Camiño Santiago e a promoción do Xacobeo 2022. A alfombra que se vai a realizar, englobase no proxecto denominado Alfombras para o Camiño, co que se quere poñer en relevo os diversos camiños que conflúen en Santiago de Compostela, a través de algo, como son as alfombras de flores que cada ano se realizan en centenas de vilas e pobos de Galicia, con motivo das festas do Corpus Christi.

Para iso alfombristas de Sarria realizarán entre os días 23 e 25 de xullo o bosquejo deseñado por Antonio Cunha. Este fai referencia ás vidreiras das igrexas, catedrais e demais edificios eclesiástico que se atopan ao longo do Camiño. Na imaxe tamén se pode ver a cruz de Santiago como guía dos peregrinos. Así como a frecha amarela distintivo do camiño, o nome da vila e a distancia en quilómetros que hai dende esa vila ata Santiago de Compostela. A obra que se vai representar foi elixida por whatsapp ante 45



propostas. Finalmente, o artista portugués triunfou e o seu debuxo estará presente en 300 cidades diferentes de 30 países.

O ano pasado Sarria tamén realizou unha alfombra ante a Igrexa de San Salvador, na rúa Maior. A alfombra reproducía motivos do Claustro do Mosteiro da Magdalena e o escudo da Orde da Merced.

A octoxenaria vila de Sarria foi lugar de paso de peregrinos dende a Idade Media, aínda que non figura no Códice Calixtino, a súa historia está ligada ás peregrinacións.

## O desfile e o concurso de disfraces do Entroido volven o 6 de marzo

O desfile do Entroido de Sarria retoma a súa celebración despois do paron que se viviu no ano anterior debido á pandemia mundial da Covid 19. Nesta ocasión, o desfile terá lugar o vindeiro 6 de marzo, xa que o domingo habitual, o 27 de febreiro, terá lugar o final da Volta Ciclista a Galicia.

O inicio do desfile darase ás 17.00 horas dese mesmo día no barrio da Estación rematando na Praza da Vila onde se fará a entrega dos premios ás 20.00 horas.

No desfile poderán participar carrozas, comparsas, tríos, parella e individuais. Para participar na categoría de carrozas o grupo deberá estar formado por un mínimo de tres persoas e terán que levar consigo unha plataforma ou remolque que sexa capaz de transportar a metade dos membros da agrupación. Por outra banda, as comparsas, estarán formadas por máis de tres persoas, as categorías infantís deberán contar coa metade de participantes menores de 14 anos.

**PREMIOS.** Establécense tres premios para as carrozas de adultos, o primeiro de 600 euros, o segundo de 440 euros e o terceiro de 350 euros. As comparsas serán galardoadas cun primeiro premio de 380 euros, un segundo de 320 euros e un terceiro de 300 euros. A categoría de carroza infantil outorgará un primeiro



Un dos gañadores do desfile do ano pasado

premio de 400 euros e un segundo de 300. As comparsas infantís das asociacións e centros educativos de Sarria contarán cun primeiro premio de 450 euros, un segundo de 360 euros, un terceiro de 240 e un cuarto de 180 euros.

Por outra banda, as comparsas de nenos en xeral serán premiados con 260 euros o primeiro clasificado e 220 euros o segundo. Para aqueles participantes de fóra da comarca de Sarria tamén haberá premio, a mellor carroza terá un premio de 350 euros e a comparsa 220.

Tanto o primeiro posto do trío de adultos como o de menores recibirá un premio de 150 euros, as parellas tanto de adultos coma de nenos terán un premio de 100 euros e aos

individuais outorgaráselles un galardón de 60 euros. Por último, a mellor animación contará cun premio de 60 euros.

A inscrición pode realizarse ata o 3 de marzo ás 12.00 horas no rexistro do Concello ou a través de cultura@sarria.gal. Haberá que enviar copia do DNI e certificado de titularidade de conta bancaria.

**ENTROIDO 2021.** No ano 2021 debido á situación pandémica, o Concello de Sarria organizou un concurso de fotografías do entroido. Desta maneira, os veciños podían obter un vale de 100 euros para gastar nos comercios locais se compartían unha fotografía disfrazado e era seleccionada como unha das 25 mellores.

## Volve o Rabudo's Fest, a cita anual dos metaleiros

Rabudo's Fest é unha nova cita que promove a cultura e os músicos emerxentes de Galicia. Este festival acollerá diferentes grupos de metal e hardcore e terá lugar o vindeiro 19 de febreiro. O cartel inclúe ás bandas Northslave, Brutal, Schwarsenegger e Untides.

A entrada ten un custe de 8 euros e pódese coller anticipada a través do correo oficialbrutal@gmail.com ou poñéndose en contacto con calquera das bandas a través das súas redes sociais.

Nesta cita, os asistentes poderán desfrutar dun xénero musical que ten as súas orixes nos anos sesenta e principios dos setenta no Reino Unido e nos Estados Unidos. Os sons de guitarras fortes e distorsionadas, ritmos enfáticos e máis o baixo e a batería farán do Buri un



espazo de ocio e talento.

**NORTHLAVE.** É un grupo de metal con orixes na capital, en Santiago de Compostela. Está composto por Javier Mosquera á guitarra, Javier Gestal na batería, Pablo Rivas á guitarra e voz e Jesús Redondo no baixo.

## Os comerciantes promoven o comercio local por San Valentín

A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES)-CCU desenvolve dende o martes día 1 de febreiro, ata o día dos namorados, a campaña promocional *Celebremos o Amor*.

Todos os clientes dos establecementos asociados da vila de Sarria que realicen algunha compra no período da promoción, poderán gañar unha cea romántica para dúas persoas. Sorteanse catro ceas para dúas persoas en establecementos de hostalaría asociados (Cafetería El Parisien, Hotel Alfonso IX, Restaurante O Descanso e Restaurante Roma).

As persoas gañadoras das ceas



sorteadas terán un amplo prazo para escoller o día no que gozar do premio, debido as condicións especiais que existen actualmente pola crise sanitaria con motivo da Covid. O sorteo, no cal se farán públicos os nomes das persoas premiadas, será o mércores 17 de febreiro ás 18:00 horas.

“Celebremos o Amor é unha campaña coa que esperamos chegar aos corazóns dos clientes do Centro Comercial Urbano de Sarria, para que continúen amosando o seu apoio aos negocios da vila, realizando as súas compras de San Valentín no CCU de Sarria (agasallos, ceas, etc.)”, explican.



# O Esmorga Fest confirma o cartel para celebrar a súa edición o 1 e 2 de abril

O Esmorga Fest de 2022 xa ten data, celebrarase en Sarria os días 1 e 2 de abril. No 2020 a cita cancelouse tan só un día antes da súa celebración e, o ano pasado tivo lugar o 24 de xullo sendo un evento gratuito. Xa se poden adquirir as entradas para esta nova edición que suma un día na súa celebración. En poucas horas esgotáronse as entradas que tiñan o prezo máis reducido e, na actualidade pódense adquirir a un prezo de 35 euros.

Xa está confirmado o cartel do festival. O cabeza de cartel será El Columpio Asesino. É esta unha das bandas máis importantes e influíntes do pop alternativo nacional; con gran proxección en Latinoamérica, por onde viran desde 2004.

Vulk representa o futuro do rock vasco, sen querer esquivar o arraigamento a bandas como Dut, Lisabö, Borrokan. Unha nova vangarda que tampouco escapa dos focos externos.

Apartamentos Acapulco segue consolidando esa relación que conecta ambos universos nunha illa no medio do océano, un lugar cheo de melodías onde existen as guitarras, as cancións que lle cantan ao amor e ao desencontro e a brisa perpetua dos referentes do indie internacional dos 90 s que nunca se marcharon e aos que tanto lles gusta defender.

Shego é unha agrupación formada por Maite, Raquel, Irene, e Aroa. A banda nace en Madrid como un proxecto de amigas ensaiando no salón ata que toma a forza necesaria para converterse nunha banda que pasan desde o punk e o pop, ata sons máis electrónicos. Mocidade, frescura, letras afiladísimas e toneladas de talento enriba do escenario do Esmorga Fest.



La Élite é un dúo de synth-punk de Lérida composto por Nil Roig e David Burgués, dous amigos aos que lles une o seu gusto polo punk e a new wave dos 70 e 80. As súas letras falan de escenarios con "moita policía e pouca diversión", de amores fracasados, de bailar en garitos. Pola súa parte, Cala Vento Cala é unha agrupación formada por Joan y Aleix dous amigos de L'Empordà que se xuntaron en 2015. Esta formación de dúo de guitarra, batería e voz, que algunhas veces pode soar como unha rabiosa banda de cinco membros e outras, como un intimista cantautor a pé de rúa, forma parte do cartel.

Marta Knight é unha artista que a pesar da súa mocidade, percorreu un bo número de escenarios cativando a crítica e público e aos seus 21 anos xa se está forxando un nome na escena independente. O seu inspirador indie rock e folk e todo o demais e a súa habilidade para compoñer melodías extraordinarias encandilarán ao público o vindeiro 1 e 2 de abril en Sarria. Dende Madrid a Sarria chega Dharmacide e Boneflower, dúas bandas que deixará namorada aos festiva-leiros no mes de abril.

Raquel e Ane conformaron o grupo Pinpilinpuessies, despois de que as súas mentes conectaran pola paixón compartida cara a música. O grupo comezou case de maneira paralela as súas clases de batería marcándose un obxectivo, dar al menos un concerto ao mes. No mes de abril estarán no Esmorga Fest.

Le Temps Du Loup é un grupo madrileño integrado por Hannibal na guitarra. Nacho no baixo e Álvaro na batería. A súa música navega polas augas do "post metal".

Le Boom é unha das apostas internacionais. Este grupo ten orixe en Irlanda e caracterízase pola súa música indie. O próximo álbum de Le Boom, que se lanzará a finais do 2022, rastrexará os altibaixos dun verán de festas en casa: latas nas mans, zoando ao redor dun altofalante bluetooth coas súas persoas favoritas.

The Haunted Youth é unha das promesas musicais europeas. Esta banda con sede en Hasselt toca pop psicodélico con cancións que falan sobre a desesperación a esperanza e a sensación de ser un inadapto incomprendido.

Desde Madrid chega La Paloma unha banda afincada afincada en Tetúan (Madrid) formada por Juan,

Rubén, Nico e Lucas. Este proxecto naceu na pandemia e finalmente se puxo en marcha a comezos de 2021 co único obxectivo de ser unha banda que evoluciona e fai cancións que lles gusta aos seus integrantes.

O Esmorga Fest acollerá tamén ao dúo formado por Álex Mera e Pablo López chamado Rayotaser. Estes dous artistas tratan de achegar o synthpop á electrónica con moita personalidade.

A banda de rock alternativo Juanita Dinamita tamén forma parte destas últimas corporacións. El chico López é o proxecto de Gonzalo que naceu en Bos Aires e reside en Sarria. Dende os seus comezos en 2018 presentou diferentes sinxelos na vila e, en abril, será parte dos músicos que participen no Esmorga Fest.

O encargado de tocar música electrónica será José Garnelo, máis coñecido como Nelo, que conformou o seu proxecto Pálidas despois de ir a un concerto de The Field.

John Axiom é un ourensán que comezou de dj na súa cidade natal e que pouco despois comezou a facer a súa propia música electrónica.

Para completar totalmente o cartel, os asistentes ao festival contarán coa actuación do DJ. Don Gonzalo.

## A Sociedade A Unión retoma as súas actividades

A sociedade cultural e recreativa A Unión de Sarria retomou a súa actividade despois de que a covid afectara a un traballador da entidade. A sala de billar xa está aberta.

O 1 de febreiro retomáronse tamén os ensaios e os cursos que oferta. Desta forma, tamén volveron clases de pilates, ximnasia, ioga, pandeireta, baile en liña, bailes de salón, sevillanas e kárate. Este tipo de actividades son gratuítas e exclusivas para os socios e socias.

## Abren tres bolsas de emprego municipal

O Concello mantén aberto o prazo para presentar as instancias de tres bolsas de emprego. Unha delas como auxiliar administrativo grupo C2, outra de administrativo e outra para operarios de obras.

Para poder presentarse na categoría de auxiliar de administrativo C2 será preciso estar en posesión da titulación ESO; para administrativo esixen o bacharelato ou formación equivalente. Pola contra, para a bolsa de operario de servizos de obras e medio ambiente non requiren ningunha titulación en concreto.

As funcións que desempeñarán os auxiliares administrativos terán que ver coa formulación de documentos e impresos, tramitación de expedientes, mantemento de base de datos ou cobros de taxas. Mentres que os administrativos realizarán tarefas de atención ao público no relacionado coa tramitación de expedientes, elaboración de dilixencias, etc.

Os operarios de obras serán os encargados de realizar tarefas de mantemento de parques e xardíns, albanería, pintura, limpeza de vías, etc.

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

**TARJETAS REVOLVING ¿ESTÁS AFECTADO?**

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS, CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

**1ª CONSULTA GRATUITA**  
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. **982 228 606**  
veiguelabogados **f** veiguela abogados



## Retomarán en xullo as Xornadas Xurídicas



Inauguración das xornadas xurídicas da edición anterior

As xornadas xurídicas Román García Varela son un encontro entre xuristas que se celebran cada ano na vila sarriá. Esta viuse truncada no 2020 pola Covid obrigando así, a súa cancelación mentres, que no pasado ano, o 2021 a data de celebración foi aprazada ata outubro. Nesta última edición, o tema principal foi a igualdade de xénero no ámbito xurídico.

Neste senso, a celebración deste encontro, que cumpre a súa XV edición, terá lugar os días 3 e 4 de xuño e conta con 25 prazas para integrantes.

O tema principal desta nova edición será a intelixencia artificial e o dereito, un eido que está á orde do día e cada vez afecta máis tanto no

ámbito privado como no público. A dispoñibilidade de datos, o crecemento da capacidade informática e todos os avances do sector fixeron da intelixencia artificial unha tecnoloxía moi valiosa. Coa situación sanitaria, implantouse e normalizouse aínda máis, impulsando o seu desenvolvemento e o uso nos fogares, intercambiando datos, xerando novas rutinas profesionais e de formación baseadas nas novas tecnoloxías. Isto supón un risco para os dereitos fundamentais das persoas debido ao descoñecemento. Neste encontro, o obxectivo principal é o de estudar a problemática e as conveniencias que supón a utilización das tecnoloxías, examinando os marcos legais e éticos.

## A obra da Edar suporá expropiar 34 terreos



As obras de mellora do saneamento e da estación depuradora de augas residuais de Sarria supón a expropiación dun total de 34 terreos. Tras intentar poñerse en contacto cos propietarios de cada un deles, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) viuse obrigada a notificar a través do Boletín Oficial do Estado (BOE) a oito dos mesmos xa que se descoñece o titular de ditos terreos. Os propietarios terán que acudir os días 27 e 28 ao consistorio para o levantamento das actas de ocupación. Deberán levar consigo un documento de identidade, documentación bancaria e a documentación acreditativa da propiedade. Espérase que as obras saian a lici-

tación neste primeiro trimestre do 2022.

A actuación consiste na substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria desde a Rúa Calvo Sotelo ata a Rúa Greco e un tramo do colector xeral desde esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 metros de colector. Na EDAR instalaranse novos equipos e actualizaranse os existentes para mellorar o seu funcionamento.

As obras serán cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e serán licitadas por un valor de 2.435.845,49 €. O prazo de execución estímase en 12 meses.

## Estímase que a pasarela da Ponte Ribeira esté finalizada este mes

No mes de xaneiro deron comezo as obras da pasarela da Ponte Ribeira de Sarria. Os traballos comezaron coas escavacións que permitirán a construción dun estribo sobre o cal se instalará a infraestrutura, que xa comezou a colocarse.

Con anterioridade realizáronse diversos traballos que acondicionaron a zona e prepararon a contorna. Esta obra permitirá a circulación dun único sentido e o paso peonil grazas á plataforma de 6,5 metros de ancho.

A obra, adxudicada polo Concello a Probisa, terá un custe de 109.819 euros mentres que os traballos de limpeza dos terreos achegados ao río foron adxudicados a Ovisa cun importe de 17.375 euros.

Esta actuación permitirá reabrir un paso que leva máis de sete



Ponte Ribeira de Sarria

anos pechado. Se todo continúa segundo o previsto, a pasarela estará habilitada neste mes de febreiro.

Esta pasarela será de carácter provisional mentres se rehabilita a Ponte Ribeira, un paso que forma parte das 10 pontes francas

que se atopan no Camiño Francés, desde Roncesvalles a Santiago. É unha infraestrutura que forma parte tamén do arraigamento dos sarriáns e dos galegos en xeral, dende hai séculos, ao tránsito de peregrinos pola xeografía da vila ata completar o Camiño.

## A finais de febreiro volve a Festa do cocido do porco celta a Sarria

O Concello de Sarria volverá celebrar a Festa do Cocido do Porco Celta tras dous anos de parón debido á covid 19.

Sarria non quere perder a oportunidade de celebrar a XIV Festa do Cocido do Porco Celta polo que anima aos hostaleiros a ofrecer este produto nos menús dos días 26 e 27 de febreiro. A celebración habitual contaba cunha feira e unha posterior comida na vila, este ano,

por mor da pandemia, búscase unha festividade máis segura para os veciños. Desta forma, o Concello propón aos establecementos de Sarria a asistir a unha reunión o vindeiro martes 8 de febreiro ás 17.30 horas no salón de plenos do Concello para acadar máis información. Tamén se poderán poñer en contacto nos teléfonos 982 535 000, 982 530 668 ou no correo turismo@sarria.gal antes do 10 de



febreiro.

Normalmente, a festa tiña lugar dúas semanas antes do entroido, porén, nesta ocasión, decidiuse que a feira teña lugar o mesmo fin de semana que O Gran Camiño para poñer en valor este produto, nunha data na que haberá maior afluencia de xente na vila.

## Continúa a precomercialización de parcelas na segunda fase de Morelle

Nove empresarios están interesados nunhas das parcelas da segunda fase do polígono do Morelle. En total, foron solicitadas once parcelas, xa que dúas das empresas pretenden adquirir máis dunha. Ademais, existe interese por parte de empresarios alleos a Sarria. O alcalde, Claudio Garrido afirmou que a parcela nido de 13.000 metros cadrados tamén está a chamar a atención de diferentes empresas.

A segunda fase de O Morelle suporía a creación de 140.125

metros cadrados de solo industrial. Ao final, o proxecto estaría composto por 37 parcelas e o prezo aproximado por metro cadrado sería de 70 euros. Esta cifra non é definitiva, xa que habería que esperar a que saia a convocatoria pública e, ademais, dependendo do tamaño da parcela o prezo por metro cadrado será menor ou maior. No caso das parcelas pequenas, o prezo aumentará e no caso das parcelas máis grandes, o prezo diminuirá. Sen embargo, para que isto

ocorra, os empresarios deberán reservar 70.000 metros cadrados, ou o que é o mesmo, o 50% do terreo dispoñible -o total da superficie son 140.000 metros-. Así mesmo, aquelas persoas que reserven parcela, deberán entregar o 25% do importe.

O prazo inicial para realizar a precomercialización era ata o pasado 30 de novembro. Porén, esta data era aproximada e, por iso, os interesados aínda poden facer a súa reserva tanto no Concello como na entidade do solo.



# O Plan Único centrarase en obras de mellora de pistas e accesos

Os 500.000 euros do Plan Único da Deputación para o Concello de Sarria estarán destinados na súa maioría a mellorar pistas e estradas con aglomerado daqueles núcleos rurais que máis o precisan. En total serán unha ducia de localidades os que se beneficiarán destas obras que contarán con algo máis de 320.000 euros.

Así o acordaron en xunta de goberno, na que se aprobaron as obras e proxectos que se realizarán cos fondos do Plan Único.

O maior investimento será para a pavimentación de vías públicas con aglomerado en Ferreiros, Rubín e Manán que terá un custe de 173.010 euros. A seguinte partida máis importante empregárase para a rexeneración dos camiños veciñais en Frades, O Sisto, Lousadela, Santo Estemo, San Martiño, Dorniz e Corvelle. Aos 150.000 euros da Deputación sumaranse 20.650 euros do orzamento municipal.

A contratación de tres tractoristas e oito operarios para servizos suporá o investimento de 129.211 euros. Os contratos terán unha duración de



seis meses e, terán que realizar labores no medio rural e ríos que pasan por Sarria. A Axuda no fogar contará cunha partida de 15.000 euros aos que se lle suma unha achega municipal de 2.000 euros e 3.000 de cotas de usuarios. Os gastos e as medidas que produce a Covid contará cun orzamento de 10.768 euros.

**REMANENTE.** A Xunta de Goberno autorizou a solicitude de Sarria, para poder realizar novos investimentos con remanentes do Plan Único.

No caso de Sarria, o Concello poderá destinar 40.000€ a mellorar os acce-

sos a Currial, Betote, Vilar de Lamas, San Andrés de Paradela e Bade. Tamén investirá uns 300€ en sinais reflectantes e equipamento para o matadoiro municipal.

O Goberno da Deputación sacou adiante no Pleno ordinario celebrado en decembro as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5 millóns de euros e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A proposta foi aprobada cos votos a favor dos grupos do PSdeG e do BNG, e coa abstención do PP.

# En exposición pública, o proxecto do Plan de Acción polo Clima

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir os alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía consiste no compromiso dos concellos de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando pola súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de acción para o clima e a enerxía sus-

tentable (PACES), nun prazo máximo de dous anos desde a data de adhesión. Cumprindo os compromisos adquiridos, o Concello de Sarria licitou e contratou en 2021 unha asistencia técnica para a elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACS) do Concello, documento que agora se pon a disposición de tódolos cidadáns. Resultou adxudicatario do contrato a entidade Flino Ingeniería, S.L., que realizou a prestación no prezo de 8.621,25 €, IVE engadido.

**O PROXECTO.** O proxecto presenta como obxectivo a mitigación de emisións de CO2 totais do municipio nun 40,3% no ano 2030. Para realizar o seguimento destes obxectivos e monitorizar a implantación do plan realízase un informe cada dous anos. A longo prazo, este proxecto marca como obxectivos maximizar os beneficios da eficiencia enerxética, en particular con edificios de cero emisións, maximizar o despregue das enerxías renovables e o uso da electricidade para descarbonizar completamente o subministro enerxético de Europa, adoptar unha mobilidade limpa, segura e conectada. Ademais, cree preciso unha industria da UE competitiva e a economía circular como facilitadores

esenciais ara reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, así como desenvolver unha infraestrutura axeitada de redes intelixentes e interconexións aproveitando tódalas vantaxes da bioeconomía e crear sumidoiros esenciais de carbono. E, por último combater o resto de emisións de CO2 coa captura e almacenamento de carbono.



# Remata a limpeza no Muíño do Toleiro

Pablo López Barrera, antigo propietario do Muíño do Toleiro de Sarria e titular da concesión de auga do mesmo finalizou os traballos de limpeza e acondicionamento da zona despois de dez anos de abandono. Os traballos abarcaron a limpeza de todo o canal. Comezaron na parte máis próxima ao muíño e estendéronse ata a ponte da Rúa Calvo Sotelo.

A limpeza desta zona era unha petición demandada en múltiples ocasións polos veciños xa que a contorna destacaba pola maleza, residuos e lixo que se acumulou durante os dez anos nos que ningún se fixo cargo da zona.

O paseo do Malecón de Sarria é un dos lugares máis transitados e con máis historia da vila, chea de terrazas, de comercios e de vida, ao tratarse na súa maioría de establecementos de hostalaría. O tramo central apareceu por promoción privada de Basilio Gayo e Fernando Rubal, que foron os encargados de parcelar o leiro de Batallón e pór un muro de contención entre a ponte do Toleiro e a presa do muíño do Toleiro. Máis tarde, continuaron as obras na zona pero, desta vez, feitas polo Concello de Sarria que fixo o tramo da ponte de Ferro e a ponte do Toleiro, así

coma o tramo dende a presa do muíño ata ponte Ribeira.

Así pois, o Malecón é o encargado, ademais, de albergar nada máis e nada menos que unha construción que data de finais do século XII, o muíño do Toleiro. Esta infraestrutura funcionou ata o ano 2000, ano no que se atopaba nun estado de conservación óptimo e no que sarriaos e sarriás disfrutaban dun pedazo de historia na vila. A Consellería de Industria, dirixida por Fernando Blanco, decidiu adquirir o inmovible e o terreo no ano 2007 por un importe de algo máis de 780.000 euros. Ese ano, dende a administración autonómica, anunciaron que a súa idea era crear no lugar un albergue para peregrinos, así coma o Centro da Unesco. A idea continuou e, nese mesmo ano, deuse a coñecer o proxecto para rehabilitar o lugar. Sen embargo, ese proxecto nunca se levou a cabo e o edificio caeu no esquecemento. Anos despois, no 2015, fíxose un convenio entre a entidade autonómica Xacobeo e o Concello de Sarria na que se lle cedía o emprego do muíño a este segundo interesado por 25 anos para rehabilitalo e darlle uso cultural e turístico, algo que tampouco chegou a ocorrer.

*Muebles*  
**Celeiro**

*Descontos especiais ata o día do Pai*  
*Super ofertas en molles de exposición*  
*Librerías, butacas, clásicas, modernas.*

EN VILAPEDRE CTRA LU546 KM16 (Sarria-Lugo)

**GRANDES DESCONTOS**

**20% 30% 40%**

TEL. 982532451 TEL. 625662962

mueblesceleiro@gmail.com



# “O obxectivo é unir sensibilidades para facer un partido forte”

Luis Pardo asumiu a presidencia da xestora do Partido Popular de Sarria

O Partido Popular acaba de nomear presidente da xestora do PP de Sarria a Luís Pardo Fernández (Navia de Suarna, 1965). Pardo Fernández é afiliado do PP dende hai uns 16 anos, profesionalmente é ATS e desempeña a dirección do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade, da Consellería de Política Social. Foi concelleiro popular no mandato 2007-2011.

Pardo Fernández di que se dá un mes de prazo para ter totalmente conformada a xestora do partido. O seu obxectivo neste sentido é que nela teñan representación todas as sensibilidades do partido en Sarria. Lembra que son membros nato da xestora os membros do grupo municipal, do que di que leva a cabo un gran labor de oposición ao goberno local, e que non haberá cambio de liña. O presidente da xestora sinala que o seu traballo terá como liña principal a de abrir o partido a toda a sociedade de Sarria, con fin de que o PP se parece o máis posible a sociedade sarriá. O obxectivo é que o PP chegue ás eleccións do 2023 forte e unido, de maneira que volva gobernar neste municipio.

**Que é unha comisión xestora dun partido político? De que se encarga? Para que serve?**

O partido político ata agora viña funcionando porque había unha presidencia do partido ocupada polo voceiro municipal Jose Antonio García. Entón, o que pasou foi que en xaneiro, o mes pasado, dimitiu desas funcións e ese cargo orgánico quedou baleiro.

Ante esta situación, o partido podía facer un congreso local ou facer unha xestora, calquera das dúas opcións eran válidas. A dirección provincial o que decidiu neste caso foi crear unha xestora. A xestora servirá para ocupar ese espazo político que quedou vacío trala dimisión do anterior presidente, Jose Antonio García e empezar a organizar o partido. Deste modo, o partido designou o presidente desa xestora e, neste caso son eu, pero, a xestora é algo transitorio ata o momento das eleccións ou ben ata que se organice un congreso local. Non

é un órgano permanente, é para ocupar ese espazo.

**Como se presenta esta nova etapa para o PP?**

Esta etapa é para montar a xestora. A función da xestora vai ser intentar unir todas as sensibilidades do partido. É dicir, facer un partido forte, un partido unido con garantías para afrontar no ano que ven as eleccións municipais.

**Estivo inactivo politicamente dende que foi concelleiro nos anos 2007-2011 ou seguiu vinculado ao partido?**

Sempre estiven vinculado pero en segundo plano porque dende o 2011 non fun concelleiro. Seguí no partido pero nun segundo plano.

**Como e cando comezou a súa vinculación no mundo político?**

Nas eleccións do 99 empecei nun partido independente da man de José Luís Castro Agrasar que no ano 2000 desgraciadamente faleceu e incorporeime no Concello ao ser o seguinte na lista. Daquela fun concelleiro de deportes.

**Cal é o papel do PP no goberno de Sarria actualmente?**

Actualmente eu creo que están facendo un gran labor de oposición. Están facendo unha oposición fiscalizadora na que dan a coñecer a onde van os nosos cartos, os nosos impostos, o que está facendo o goberno local. En definitiva, hai que darlle as grazas porque están facendo unha boa oposición.

**Cal é a maior necesidade de Sarria na actualidade?**

Eu creo que ten moitas necesidades, dende un plan xeral que é moi importante. Tamén sería interesante facer un polígono industrial, onde os terreos teñan un prezo razoable e accesible para que as empresas decidan situarse en Sarria, traendo consigo un incremento de emprego, crear chan industrial... En tema cultural, a Fortaleza do Batallón eu creo que é un emblema para Sarria e que o Concello debería facer os tramites

posibles para a súa adquisición e mantemento.

**Que pode ofrecer o PP a Sarria?**

O PP xa estivo gobernando moitos anos en Sarria e o que pode o PP é escoitar a todos os veciños e veciñas, mirar os problemas reais que ten Sarria e darlles unha solución. Isto ten que ser un tema conxunto como sociedade e gobernar e facer os prantexamentos máis oportunos para cada demanda.

**Que lle pareceu que Jose Antonio García deixara de presidir o PP?**

É unha decisión persoal del é un acto de xenerosidade porque podía quedar máis tempo, pero bueno segue de voceiro e portavoz municipal.

**“Este mes de febreiro teño pensado ter organizada a xestora para empezar a traballar, ver as necesidades que ten Sarria e afrontalas”**

**Como xurde a oportunidade de presentarse á presidencia da xestora?**

Houbo unha reunión coa dirección provincial cando foi a dimisión de Jose Antonio, neste encontro decidiron montar unha xestora e ofrecéronme a presidencia da mesma e, para min, é unha honra estar de presidente da xestora e empezar a traballar para apuntalar o partido, dinamizalo, abrillo á sociedade. Para intentar que o ano que ven estea forte e unido para ter a maioría suficiente para gañar as eleccións.

**Que motivacións tivo para aceptar este novo posto?**

Xa fora concelleiro na etapa 2007-2011 e vexo que é importante darlle un impulso ao partido para garantir e intentar chegar ás necesidades de tódolos veciños de



Luis Pardo, presidente da xestora do PP de Sarria

Sarria. Hai moitas cousas que facer e é un bo momento para que o partido se poña a traballar duramente e estudar as prioridades que teñen os veciños e veciñas de Sarria e entre todos chegar a un consenso, estudar esas necesidades para levalas a cabo e construír unha Sarria con futuro.

**Presidir a xestora é o preludio de presidir o partido?**

Non, temos que diferenciar o que é a xestora que serve para ocupar ese espazo vacío que había e despois para presidir o partido habería que chegar ao congreso local. Eu simplemente o que vou facer é botar unha man na creación da xestora para ter un grupo de xente que reúna todas as sensibilidades do partido e traballar para conseguir o obxectivo que son as eleccións municipais do ano que ven. O presidente do partido haberá que sacalo nun congreso local. O da xestora non ten nada que ver coa candidatura, é dicir, o presidente da xestora non é o candidato para as eleccións municipais. É totalmente distinto, o tema da candidatura aínda non chegou o momento para falar deso.

**Xa está formada a agrupación?**

Agora é o tempo de creala, dinme un mes, este mes de febreiro teño pensado ter organizada a xestora para empezar a traballar para ver as necesidades que ten Sarria e afrontalas.

**Cal será o obxectivo principal da xestora agora?**

Fortalecer o partido, unir as sensibilidades, falar cos veciños e veciñas de Sarria entre todos e abrir o partido á sociedade. Abrir o partido ás necesidades que todos os veciños pretendan incluír na futura Sarria, dende aí axudar en todo o que se poida e traballar para conseguilo.

**Canto tempo se pode prolongar o este mandato?**

Ata que se celebre o congreso local para a que non hai data. Ademais, o bon que ten o Partido Popular é que ten unha ampla base social, ten moitos afiliados, simpatizantes e calquera deles poder ser candidato ou candidata para ser presidente do partido ou alcaldable nas próximas eleccións. Temos bancada de sobra para que calquera persoa sexa candidato.

**Que poderes ten?**

Organizar o partido, dinamizalo, unir as sensibilidades todas e facelo forte. O obxectivo da xestora é chegar cos traballo feito e falar con todos os sectores da sociedade para conseguir gañar as próximas eleccións municipais.

**E agora, cal será o seguinte paso?**

Empezar a traballar nos intereses de Sarria, mirar as súas preocupacións, intentar dar as solucións. Traballar en equipo.



## Catro empresas interesadas no contrato de servizos da piscina

Sarria celebrou tres mesas de contratación co fin de acadar a información pertinente sobre os procedementos abertos na actualidade. O contrato de servizos da piscina que inclúe a piscina interior climatizada e a exterior de O Chanto para o verán conta con catro ofertas de catro empresas diferentes. O contrato sería de dous anos con posibilidade a prorrogalo durante un máis cunha cuantía anual de 310.817 euros.

A xestión da piscina será do Concello mentres que a empresa adjudicatária porá persoal, coordinará os servizos, o mantemento, a vixilancia e a limpeza das instalacións. Encargarase tamén de atender e controlar os usuarios. Isto é así despois da última modificación do contrato despois de que na primeira vez que se licitou, unha das empresas, presentara unha alegación que obrigou a cambiar as bases. Isto supuxo un atraso en canto á resolución de dita licitación, polo que se tivo que prorrogar o contrato menor que permite que na actualidade a piscina estea en funcionamento.

A mesa de contratación do ximnasio da piscina quedou deserto. Este contrato é de catro anos e 237.000 euros. En total, son catro as empre-



sas interesadas que presentaron un proxecto despois de que na primeira convocatoria ningunha das ofertas se axustara aos pregos da licitación. Ningunha cumpriu os requisitos. Por último, houbo unha terceira mesa de contratación na que se presentaron dúas empresas co fin de rehabilitar cinco pisos para alugueiro social na Casa dos Ulloa ou Casa das Arsenias por valor de 333.260 euros.

**CURSOS.** O Concello de Sarria abriu o prazo de preinscrición para os novos cursos na piscina climatizada. Entre as actividades atópanse o curso de iniciación para nenos (non escolar) curso para bebés, iniciación para adultos e aquagym.

A preinscrición deberá realizarse na OMIX do Concello ou chamando ao

teléfono 982 535 000 entre os días 7 e 10 de febreiro.

O curso de iniciación para nenos (ofrece dúas datas. A primeira sería os martes e xoves de 19.00 horas a 19.30 horas dende o 15 de febreiro ata o 12 de maio. Este mesmo curso ofrecerase tamén os sábados e domingos de 10.30 a 11.00 horas dende o 19 de febreiro ata o 15 de maio. O curso para bebés será os mércores e os venres de 19.30 a 20.00 horas dando comezo o 16 de febreiro e rematando o 13 de maio.

O curso de iniciación para adultos ofrecerase os sábados e domingos de 11.00 a 11.30 horas dende o 19 de febreiro ata o 15 de maio. Por último, o curso de aquagym será os mércores e os venres de 18.00 a 18.30 horas dando comezo o 16 de febreiro ata o 20 de maio.

## Adif realizará obras de mellora nas estacións de Oural e Sarria



Adif aprobou a adjudicación das obras de tratamento de plataformas e cruces entre plataformas nas estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa, todas elas situadas na provincia de Lugo, no tramo Monforte de Lemos-Lugo da liña convencional León-A Coruña.

O contrato foi adjudicado á UTE formada por Petrolam Infraestructuras e Arias Infraestructuras, por un importe de 3.604.833,06 euros (IVE incluído).

Os traballos forman parte dos proxectos de modernización do tramo Monforte de Lemos-Lugo e permitirán mellorar a seguridade de circulacións e usuarios. Á súa vez servirán para adaptar os elementos obxecto deste contrato ás novas condicións de explotación que traerá consigo a electrificación a 25 kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo.

**ACTUACIÓNS PREVISTAS.** O proxecto define as actuacións necesarias en plataformas, pasos inferiores e outras estruturas das

estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa.

O obxectivo é adecuar as estacións aos requirimentos técnicos e de interoperabilidade da normativa en vigor, en especial no relativo aos cruces de vías entre plataformas, mellorando as condicións de explotación da liña e potenciando a competitividade da rede ferroviaria galega.

A actuación na estación de Sarria inclúe, ademais, a execución dunha pasarela peonil sobre vías con dobre función: por unha banda, comunicación entre plataformas e, por outro, permeabilidade entre o núcleo urbano de Sarria e o barrio de O Mazadoiro, contribuíndo por tanto á cohesión social, o desenvolvemento sostible e a integración da estación na súa contorna urbana.

Estas accións contribúen á consecución de diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: ODS 3 (Saúde e Benestar), ODS 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura) e ODS 11 (Cidades e Comunidades Sostibles).

## Alumnado da Asunción participou nunha curta a favor da reciclaxe

O Colexio da Asunción de Sarria formou parte do filme *As viaxes de plástico*. Esta curtametraxe forma parte da campaña *Bye, bye plástico*, que ten como fin dar visibilidade ao problema medioambiental que supón o consumo excesivo de plásticos e a súa chegada ao mar, así como concienciar á cidadanía co obxectivo de crear unha comunidade activa e implicada na loita contra estes residuos e na defensa dun futuro ambiental sostible.

Esta actividade buscou a participación dos colexios de Galicia na película escolar colaborativa. Cada

centro participante elaborou o seu propio anaco de guiión e executouno. A participación dos alumnos de 4º da ESO foi a través dun "stop motion" feito con plastilina, animación de botellas e o gnomo devoraplástico.

O stop motion é unha técnica de animación que consiste en aparentar o movemento dos obxectos estáticos por medio dunha serie de imaxes fixas sucesivas. Nesta sucesión de imaxes cobran protagonismo zonas comúns e turísticas de Sarria.

O alumnado sarriao afirma no fil-

me "temos unha gran diversidade de fauna e flora que non debe ser arruinada polos plásticos que nos mesmos botamos" animando así aos veciños a reciclar e coidar o planeta.



EMPRESA DE COMUNICACIÓN NECESITA COMERCIAL

- Compatible con outros traballos
- Salario según convenio máis produtividade

Interesados enviar C.V. a: [comunicacionepublicidade@gmail.com](mailto:comunicacionepublicidade@gmail.com) ou chamar ao 661 464 323





Estado no que estaba a rúa

## Comeza a renovación do firme no barrio Andión

O barrio de Andión comezou a súa renovación do firme. Estes traballos terán un custe total de 233.046 e constarán do asfaltado da Rúa do Castelo e parte da explanada do campo da feira.

Comezaron tamén os cortes de tráfico oportunos para poder realizar estas labores. As obras iniciáronse pola rúa Padre Sarmiento, continuando por Rosalía de Castro, Murrallón e Frei Luís de Granada. Estes traballos de mellora do firme serán complementados coa colocación de sinalización horizontal.

Contase que as obras finalicen en poucos días aínda que están suxeitas á situación meteorolóxica.

Se algún dos veciños precisa acceder a algunha das vías cortadas durante os traballos deberá poñerse en con-

tacto coa Policía Local.

A actuación neste barrio é unha superación que mellorará a calidade de vida dos veciños xa que, esta rúa, estaba libre de obras dende máis de 30 anos polo que a zona contén un firme irregular e fochancas que poden ser un risco para os veciños. Estes traballos enmárcanse no plan de asfaltado da zona urbana e rural que se levará a cabo durante os vindeiros meses. Estas actuación inclúen próximas obras na zona escolar, pistas de Castelo dos Infantes e Santa Ica.

O custe de 233.046 euros é financiado a cargo dunhas modificacións de crédito aprobadas en maior de 2021. Do total de 2,8 millóns de euros, 617.000 euros serán destinados ao aglomerado en quente.

## Segue a traballarse no acondicionamento e mellora das rúas do núcleo de Oural

O Concello de Sarria segue a traballar nas melloras do municipio de Oural. Nesta ocasión a vila sufriu a retirada da sinalización vertical que estaba en desuso. Desta forma elimináronse semáforos e sinais da travesía principal de Oural.

A Policía Local e os operarios retiraron no pasado venres 5 semáforos instalados na década dos 90 que levaban anos sen funcionar. Tamén se retiraron paneis luminosos que estaban en mal estado polo paso do tempo e dúas sinais verticais que indicaban a presenza destes semáforos.

Esta iniciativa supuxo o embelecemento da zona e o aumento no espazo peonil ao eliminar estas sinais que ocupaban espazo sen cumprir ningunha función.

A retirada da sinalización vertical é un traballo máis que se está a realizar en Oural para mellorar a calidade de vida dos veciños, durante os últimos meses leváronse a cabo asfaltados nas rúas que se retomarán proximamente.



## O centro de saúde realizará análíticas catro días da semana

O centro de saúde de Sarria poderá realizar análíticas de sangue os venres. Na actualidade, os días para a extracción da sangue eran os luns, mércores e xoves.

Malia que non se sabe se esta medida será permanente, prolongárase durante varios meses.

A extracción de sangue os venres é unha realidade grazas a moción presentada por Camiña Sarria e Galicia Sempre trala iniciativa do edil Benjamín Escontrela que é médico de profesión. O pleno no que se presentou obtivo apoio por parte de tódolos grupos da corporación municipal.

O Concello conta con 13.000 ha-


## Escollidos os gañadores dos concursos de tarxetas de Nadal

O Concello convocou durante o Nadal diferentes tipos de concurso que tiñan como eixo central a celebración destas festas. Para iso, os veciños da zona podían facer tarxetas de felicitación de Nadal, decorar unha bola de nadal, decorar diferentes estancias e fotografar as rúas da vila.

En total, os premios suman máis de 5.000 euros en forma de tarxetas regalo para trocar nos distintos establecementos adheridos da comarca. Con esta iniciativa estase a promover as compras nos comercios locais xerando riqueza no Concello.

Desta forma, os gañadores da I Edición do Concurso de Felicitacións de Nadal foron Sabela Arias Alvaredo en primeiro lugar, Adam Riani Zouini en segundo, Adriana Fernández López en terceiro, Iris Rodríguez Arias en cuarto e Ana Calvo Corrales en quinto. Todos eles recibirán unha tarxeta regalo con diferentes importes.

Os gañadores da II Edición do Concurso de Bolas de Nadal foron na primeira categoría que recolle os traballos dos nenos de ata 6 anos, Alejandro Sánchez López no primeiro posto e Adriana Fernández López no segundo. Na segunda ca-



Algúns dos traballos gañadores

tegoría dos nenos entre 7 e 12 anos o primeiro posto foi para Covadonga Satabaya López, o segundo para Emma Buján Pérez e o terceiro para Daniela López Vázquez. Na terceira categoría para rapaces de 13 a 17 anos, Daniela Pereira Alvaredo acadou o primeiro posto, Carlos Díaz Barreal o segundo e Adam Riani Zoumi o terceiro.

Américo Horacio Chella Mosconi foi o gañador do primeiro premio da II Edición do Concurso de Decoración de Nadal, o segundo posto foi para Alberto López López, o terceiro para a Comunidade de Propietarios Gran Vía Alfonso IV 38, o cuarto foi para Miguel Ángel López Fernández, o quinto para

Soraya Armesto Cardenal, o sexto para Uxía Méndez González, o sétimo para Noelia López López, o oitavo para a Comunidade de Propietarios Lama da Gándara, 34-36, o noveno para a Comunidade de Propietarios Matias López 74-76 e o décimo para a Comunidade de Propietarios Gran Vía Alfonso IX 57-63.

Para finalizar, os gañadores da II Edición do Concurso de Fotografía Desde Sarria con Amor 2021 foron Paula Sánchez López no primeiro lugar, Nerea Tourón Castro en segundo, Clara Pérez Pato en terceiro, Luís Díaz Castro no cuarto e Dolores Castro López no quinto lugar.

## O BNG reclama un tren digno en Sarria cunha recollida de firmas



O BNG recolleu onte en Sarria sinaturas para reclamar un tren digno para a comarca. Dando continuidade á campaña Queremos tren que están a desenvolver en toda Galicia para demandar a mellora dos servizos ferroviarios, especialmente no interior do país, a formación nacionalista recadou firmas nun posto instalado na rúa Calvo Sotelo, onde estiveron o voceiro municipal e deputado provincial, Efrén Castro, e a deputada parlamentaria, Olalla Rodil, entre outros representantes do BNG local. Olalla Rodil sinalou a necesidade de sumar este apoio social para recla-

mar ao goberno do Estado "a mellora do sistema ferroviario galego, cun servizo de proximidade que vertebre o territorio e cohesione a sociedade galega" algo que, concluíu, coa supresión de frecuencias e o deterioro dos servizo está hoxe moi lonxe. Nesta liña, Efrén Castro apuntou que "a estación quedou case unicamente para os peregrinos e peregrinas que comezan aquí o Camiño de Santiago" xa que, explicou, "os escasos servizos que se ofrecen fan que o tren resulte inservible para os veciños e veciños da comarca se comuniquen co resto do país"



# Sudor do Tractorista, os punkis que homenaxean o rural

O Sudor do Tractorista é unha agrupación musical orixinaria de Sarria que naceu fai máis de dez anos despois de que un grupo de amigos encontraran unha mesma paixón, a música.

O grupo é variable, "xa tivo moitas formacións e moitas que lle quedan" afirma o grupo. "Nós cremos que os nomes propios sobran no noso proxecto artístico". Co nome "Sudor do tractorista" queren facer unha homenaxe á vida rural, aos traballadores do campo e ao esforzo que supón este tipo de vida. Aínda que consideran que "hai que vir a un dos nosos espectáculos para entender o nome artístico do grupo".

Ao preguntarlles como naceu a banda, fan unha referencia rural na que afirman que "o sudor do tractorista, é eterno pero nace sobre todo na época da herba seca, cando se saca o purín – entre risas-. Como experimento musical xorde

xa hai unha chea de tempo, tanto que non somos capaces de recordar con exactitude" continúan.

A nivel musical, consideran que hai moitas bandas do seu estilo, aínda que destacan coma un gran referente á banda Jethro Tull que é unha agrupación musical de rock progresivo británica que se formou a finais de 1967 e segue aínda en activo, converténdose nunha das agrupacións de rock máis lonxevas.

Un dos seus obxectivos para este novo ano, o 2022 é "liala no Punkis de aldea deste ano". Este é un festival que se celebra na vila de Sarria co fin de que o público poida desfrutar da música punk da man de diferentes bandas e grupos. Nas edicións pasadas achegáronse a esta cita musical cidadáns de toda Galicia, Asturias e o País Vasco.

As súas actuacións destacan pola interpretación de temas propios de carácter irónico e burlona onde

podemos atopar títulos como Unha boa merluza ou Premios Darwin. Normalmente, as letras das cancións xorden de experiencias e anécdotas propias.

O seu éxito é tal, que xa conta cunha banda tributo O sudor do chimpín do que bromean afirmando "fan versión nosas, comparados con nos dan pena". Xa que despois, nas súas redes sociais animan a que os seus seguidores acudan de público a outros eventos nos que participa devandita banda "O Sudor do Tractorista estamos de descanso e non tocamos, pero para os que teñades mono. Este próximo venres o Sudor de Chimpin xunto con Korto". A agrupación conta cunha gravación en cinta de 90 minutos TDK titulada Fruto de la E.S.O. A maiores, contan cuns temas dixitalizados baixo o nome Remasterizado en Zurich. A agrupación afirma que "o título é porque foi remas-



Os membros do grupo e, abaixo, en dúas actuacións

trizado en Zurich polo enxeñeiro de son David Lorenzo Mouirin"

Ao preguntarlles polo seu tema propio favorito destacan Droga Caníbal, unha canción que escribiron despois de que no ano 2018 saíra unha nova sobre este tipo de estupefaciente na cidade de Lugo. Á hora de salientar outro tema que non sexa propio e sexa dalgún grupo de música confirman "é difícil de decidir pero creo que Os ducados de Maskarpone". Maskarpone é unha agrupación de música galega, de Ourense

concretamente que fai música ska e reggae. Esta canción en concreto fai referencia as festas tradicionais de Galicia e ao seu licor café como gran atractivo das mesmas.

A súa última actuación foi no Buriel en Sarria, unha das asociacións que se encarga de promover a cultura, a música e as bandas emerxentes na vila. A próxima cita programada neste establecemento será o 19 de febreiro co Rabudo's Fest, unha xornada que xuntará aos grupos Untides, Brutal, Northslave e Schwarzenegger.



## Un sarriao, único lucense premiado na Bienal de Pintura do Eixo Atlántico

Javier Pena, natural de Sarria, recibiu o galardón no Bienal de Pintura do Eixo Atlántico celebrado a principios do mes de febreiro en Mirandela, Portugal. A obra premiada tiña o título 2D-3D e foi realizada con pintura acrílica sobre unha táboa plana.

O artista sarriao recibiu unha mención de honra sendo o único artista lucense que levou un premio neste concurso.

O Bienal de Pintura do Eixo Atlántico celebrou a súa décimo terceira edición con máis 100 traballos presentación. Como novidade, este ano, a exposición poderá visitarse tamén de maneira virtual aínda que nun futuro establecerase en



Monforte de Lemos.

Este programa, estimula a creación artística, posibilitando simultaneamente o intercambio cultural e o coñecemento de artistas, que no noroeste peninsular constitúen unha contribución extraordinariamente viva e dinámica no panora-

ma cultural europeo.

Máis aló diso, o Premio de Novos Talentos Luso – Galaicos pretende estimular o esforzo e a creatividade dos máis novos, e suscita un futuro culturalmente rico e diversificado.

Á entrega de premios acudiron tamén o alcalde de Sarria, Claudio Garrido e os concelleiros Félix Seijas e Reyes Abella, que aproveitaron a súa visita ao país luso para coñecer parte do Camiño de Santiago ao seu paso pola vila de Mirandela. Asemade, mantiveron un encontro con responsables de Montalegre, coa que Sarria está irmandada polo seu entusiasmo polas meigas.

## Sarria é a única representación galega na Federación de Asociacións do Camiño Francés

A Asociación Amigos do Camiño de Sarria é a única representación galega coa que conta a recente agrupación do Camiño Francés. Burgos foi a cidade escollida para a creación da Federación de Asociacións do Camiño Francés que ten como fin conservar as tradicións e esencia que fan do Camiño Francés un roteiro único que aposta pola peregrinaxe de longo percorrido.

Esta unión nace da problemática que xorde trala aprobación de máis de 50 camiños diferentes cara a Santiago, que dissolve a esencia e o concepto propio do Camiño. Ademais, é un dos seus

fins volver a coller forza despois de que nos últimos dez anos, un 30% de peregrinos escollan o Camiño Portugues e non o Francés. Outro dos seus obxectivos é promover o Camiño máis aló dos últimos 100 km que o conforman, encargáronse de promover e protexer a ruta que está declarada como Ben de Interese Cultural.

A Federación conta con asociacións de todo o territorio español. Conforman a agrupación Asociacións de Sarria, O Bierzo, Astorga, León, Mansilla d elas Mulas, Sahagún, Palencia, Burgos, Logroño, Estella, Os Arcos, Pamplona, Roncesvalles, Zaragoza e Jaca.



# DEPUTACIÓN

## Os dous candidatos do PSOE nas Primarias chegan a un acordo



Os candidatos ó proceso de primarias do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca e Xosé María Arias Fernández, pecharon un acordo de candidatura única ó congreso previsto para o vindeiro 20 de febreiro. Tomé e Arias selaron o acordo este luns na sede socialista de Lugo ante a presenza do Secretario Xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, que avala un consenso que garante a unidade e fortalece o partido, e que responde á sensibilidade maioritaria dentro da militancia da provincia de que non houbera proceso de votación e se lograse a integración como a mellor fórmula para darlle un novo impulso ó socialismo lucense.

José Tomé Roca liderará o Partido Socialista na provincia asumindo a Secretaría Xeral. Pola súa banda, Xosé María Arias terá un posto de máxima relevancia orgánica como é

a Vicesecretaría Xeral.

O presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte e o rexedor de Castroverde, que contan cunha ampla traxectoria e experiencia tanto no plano institucional como orgánico, e que demostraron sempre un compromiso firme co partido, confluíron na importancia fundamental de contar cun partido unido e forte, tanto para ter un mellor posicionamento á hora de defender os intereses da provincia, como para poder consolidar e seguir mellorando os resultados nas eleccións municipais do ano 2023, mantendo as actuais alcaldías e acadando outras novas, e renovando o Goberno da Deputación. Así mesmo, coinciden en que un partido unido e forte na provincia axudará a conseguir un cambio de Goberno na Xunta de Galicia e tamén a manter o Goberno de España.



**CONCURSO RESERVAS DA BIOSFERA.** As instantáneas admitidas no VII Concurso de Fotografía das Reservas da Biosferas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá organizado pola Deputación poden verse nunha exposición virtual na páxina web da institución provincial. Esta edición do certame tivo como fío condutor as redes de rutas de sendeirismo e itinerarios e o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo dar a coñecer e poñer en valor a riqueza natural, cultural e paisaxística destas dúas Reservas da Biosfera, xestionadas pola Deputación.

## O Pleno urxe á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. Unha decisión que foi acordada no Pleno ordinario de xaneiro ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG, que contou cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e en contra do PP.

A administración provincial insta a que se creen todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, tomando como referencia a media de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS).

**COMPROMISO ÉTICO.** O Pleno da Deputación de Lugo aprobou na sesión ordinaria do mes de xaneiro unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar fondos europeos de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial

-PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor, quedando aprobada por unanimidade.

Na declaración, a Deputación expresa o compromiso co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e adhesión da institución provincial aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, cunha oposición á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Así mesmo, recalca que o obxectivo é impulsar e favorecer unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que a pandemia da covid-19 deixou de manifesto que o modelo de atención das persoas maiores que ten en marcha a Xunta “é un fracaso”. “Son grandes residencias masificadas, pensadas na procura do beneficio económico das empresas privadas e que non garante nin a digna atención dos maiores, nin as adecuadas condicións laborais dos traballadores”.

Na súa intervención, Rivera Capón explicou que a iniciativa presentada ten como xermolo a defensa dos servizos públicos. Manifestou que é necesario “desenvolver unha rede de residencias públicas na comunidade”. Así mesmo dixo que “a Xunta ten que asumir as súas obrigas e competencias en materia social financiando a Rede Pública de Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo”, e en terceiro termo matizou que é preciso que o Goberno galego “mellore o desenvolvemento do sistema de servizos sociais para garantir que os dereitos dos cidadáns se convertan nunha cobertura real das necesidades”.

Rivera Capón expuxo con datos do Consello Consultivo de Contas que en Galicia o tempo medio para obter unha praza nunha residencia pública galega é de 453 días. O deputado de Promoción Económica e Social subliñou que, mentres que a Xunta, con máis de 11.000M€, non creou nin unha soa residencia pública nos 12 anos de Goberno de Feijóo, a Deputación de Lugo, con 100M€ de presuposto, ten en marcha 7 centros públicos de maiores, máis que a propia Administración autonómica.

## Adxudicado o subministro de sal para as estradas

A Deputación aprobou na Xunta de Goberno a adxudicación do contrato para o subministro de 1.600 toneladas de sal para a rede provincial de estradas por un importe próximo aos 160.000€ á empresa Ibérica de Sales S.A. O material fundente é para os 12 silos que a institución ten por toda a provincia co fin de afrontar as inclemencias meteorolóxicas propias do inverno, garantindo a circulación e a seguridade nas vías durante as tempadas deste 2022 ao 2024.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen lembrou que, ademais de atender as estradas provinciais, a Deputación tamén facilita sal no inverno aos concellos que así o solicitan cando lles resulta necesario.

Tamén sacou adiante a licitación dos dous últimos lotes do contrato de subministro de equipamento para o Centro de Atención a Maiores de Navia de Suarna, correspondentes aos artigos médicos e cortinaxe.

## Destinan 7,2 millóns de euros ao Plan de Subvencións do 2022

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a actualización do Plan Estratégico de Subvencións (PES) da Deputación de Lugo para este ano 2022, que conta cunha dotación económica de 7,2M€, e que tal e como informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, poderá incrementarse en función do crédito dispoñible.

García Porto explicou que o Plan Estratégico de Subvencións, que é o instrumento que regula a concesión de axudas económicas da institución provincial ao conxunto do tecido asociativo da provincia, tanto de carácter nominativo como de concorrencia competitiva, “serve para manter o amplo e dinámico tecido asociativo co que contamos na provincia de Lugo e que dinamiza o territorio a nivel social e económico, e, ao mesmo

tempo, serve para contribuír ó desenvolvemento de proxectos que impulsen o emprego e os sectores produtivos, o benestar social ou a promoción do territorio e do turismo, entre outros ámbitos”.

Neste sentido, a voceira socialista do Goberno indicou que liñas de actuación como o Emprego contan cunha dotación de preto de 900.000€; promoción do Territorio e Turismo, de case 500.000€; Benestar, de 577.000€; ou Medio Ambiente, de 356.100€. Pilar García Porto sinalou que terán prioridade aquelas iniciativas que promovan a participación cidadá, potencien o patrimonio da provincia, aposten pola innovación, estimulen a formación e, entre outras condicións, axuden a fixar poboación no rural.



# COMARCA

## Comeza a restauración forestal dos danos do incendio no Incio e Samos

O lugar de Trascastro no Incio está a padecer as obras de restauración do potencial forestal danado por un incendio mediante a restauración hidrolóxica-forestal. Estas actuacións levaranse a cabo en varios montes dos concellos lugueses do Incio e de Samos. O delegado estivo acompañado polo alcalde do Incio, Héctor Corujo, e pola xefa territorial de Medio Rural, Olga Iglesias.

Ditas obras contan cun orzamento de algo máis de 400.000 euros, cofinanciado co Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), e afectan a unha superficie total de 85,98 hectáreas. A maioría dos traballos realizaranse no monte veciñal en man común de Trascastro. Tamén se intervirá nos montes de San Pedro e Ferrería e Coto Redondo, no concello do Incio, e no monte de Coto Redondo, no concello de Samos. Todos estes montes están baixo a xestión da Xunta, a través dos respectivos convenios coas comunidades de montes veciñais en man común propietarias.

Con estas actuacións preténdese recuperar o potencial forestal e a corrección dos desequilibrios hidro-



lójicos ocasionados na cabeceira dos arroios. Isto conseguirase coa creación de masas forestais en 50 hectáreas, a través da reforestación de case 30 hectáreas con piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e piñeiro rubio (*Pinus sylvestris*), e a través de axudas para a rexeneración natural noutras 20, con bidueiro (*Betula celtibérica*).

Do mesmo xeito, as actuacións incrementarán a protección contra os lumes das masas creadas coa execución de máis de 30 hectáreas de devasas con pasteiros, a mellora de 12 quilómetros de vías e a construción de dous puntos de auga, amais

da apertura dun novo tramo de pista de 600 metros e a creación de catro hectáreas de faixas de xestión da biomasa.

A recuperación das superficies danadas é fundamental para non perder as potencialidades produtivas, sociais e ambientais dos montes, protexendo en primeiro lugar os solos afectados e rexenerando a cuberta vexetal dun xeito ordenado. Así, esta iniciativa enmárcase nunha sociedade europea que se atopa en vías de descarbonización, coa vista posta nos retos e oportunidades que están a demandar o Pacto Verde Europeo e a transición á bioeconomía.

## Cinco colectivos reciben achegas da Deputación para facer actividades

A Deputación de Lugo concedeu un total de 9.000 euros en achegas a cinco colectivos e asociacións de Sarria que serán empregados no desenvolvemento de actividades culturais na zona.

O Concello do Incio foi o máis beneficiado ao ser dous os grupos que recibiron as axudas económicas. Unha é a Asociación os Fanagueiros de Eirexalba con 1.995 euros que serán destinados á realización de xogos tradicionais e para o certame literario. Por outra banda, a Anpa recibiu 1.881 para concertos didácticos.

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos recibiu dúas axudas unha de 1.500 euros para unha viaxe cultural e outra de 1.342 euros para o concurso de tapas.

O colectivo de Vilargunte en Paradelas recibiu unha achega de 1.746 euros que serán destinados á realización de cursos de cociña tradicional, informática e a celebración do Magosto. Por último, a Anpa de Triacastela conseguiu unha achega de 570 euros para cursos de informática.

## Adega pide o veto por lei para novos encoros nos ríos Miño e Sil

A nova planificación da bacía Miño-Sil, dependente do Ministerio, unha das máis sobre-explotadas de Europa, aínda permite seguir a aumentar a presión hidroeléctrica. Entre outras medidas, Adega pide que se veten por lei novos encoros e aproveitamentos nestes ríos, como xa acontece dende hai dous ciclos de planificación (15 anos) nas bacías de Galiza-Costa.

Segundo Adega, o novo Plano Hidrolóxico Miño-Sil (PHMS) debería declarar aos ríos galegos da súa competencia como zonas libres de novos aproveitamentos hidroeléctricos, xa que estes son os principais responsables da deterioración do seu estado ecolóxico, consonte ás análises e conclusións da propia memoria do PHMS, e a teor do recollido no Preámbulo da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

En consecuencia, o PHMS debería

incorporar no seu apartado normativo a paralización da concesión de novos aproveitamentos hidroeléctricos acordada polo Parlamento de Galicia e xa aplicada nas bacías dependentes da Xunta. Asemade, os novos aproveitamentos e modificacións dos xa existentes actualmente en tramitación, deberían decaer tras a entrada en vigor da proposta de revisión do PHMS.

Os expedientes de caducidade revisión ou rescate dos dereitos concesionais deberían iniciarse de oficio para aqueles aproveitamentos que incidan na deterioración do bo estado ecolóxico das masas de auga e impidan a consecución en prazo dos obxectivos fixados pola Directiva Marco da Auga (DMA), sen máis adiamentos e resolvelos no prazo que marca a normativa. A finalidade deberá ser restaurar as masas de auga ao seu estado natural, incluíndo o desmantelamento das infraestruturas hidráulicas.

## O SLG pide apoio aos concellos da comarca na moratoria aos eólicos



A raíz das incidencias rexistradas polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), persoas a título individual e outros colectivos galegos alertando dos potenciais impactos provocados por proxectos de instalacións de enerxías renovables nas Reservas da Biosfera, o Comité Español do Programa MaB da Unesco, vinculado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aprobou o pasado mes de setembro realizar a nivel de todo o Estado español un informe sobre as incidencias dos parques eólicos nas Reservas de Biosfera, así como un estudo de viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termo solares -incluído o seu repotenciamento-, e infraestruturas asociadas que as grandes empresas enerxéticas pretenden instalar nestes espazos protexidos.

“Procurando acadar o compromiso das administracións públicas de non aceptar máis parques eólicos até que sexa realizado o informe do Comité Científico, actuamos agora a través da campaña lanzada dende Aliente rexistrando 82 solicitudes de adhesión dirixidas aos concellos galegos ubicados en territorios Reserva da Biosfera”, indican.

Para a Reserva da Biosfera Terras do Miño, a solicitude de moratoria foi dirixida aos concellos sarriaos de Láncara e O Páramo. Na Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel rexistraron a solicitude no Incio, Paradelas, Samos, Sarria e Triacastela.

O rexistro destas peticións de adhesión será completado a través de contactos directos cos concellos, solicitando a realización de entrevistas.

ELISARDO BARCALA





## Organizan unha xornada de montaxe e materiais sobre a pesca con mosca en febreiro

O Clube de Pesca Río Neira organiza o vindeiro sábado 26 de febreiro dunha xornada de montaxe de moscas, exposición e vendas de materiais sobre a pesca a mosca. Unha modalidade de pesca que utiliza unha cana e reclamo artificial chamado mosca. A pesca con mosca practícase usualmente en lagos, ríos e no mar. Tamén é coñecida como pesca con cola de rata.

O encontro dará comezo ás 10.00 horas no Bar Avenida de Pobra de San Xiao para trasladarse dende alí ao local que pon a disposición do club o Concello de Láncara. Dúas tendas de material de pesca levarán ata alí o material indicado para que os asistentes o coñezan de primeira man e o compren con vistas ao comezo da tempada de pesca nas dúas semanas seguintes á celebración da cita.

Ademais, catro montadores Javi López, Luís Sandamil, Ali Pérez e E.J. estarán montando mostras para que os asistentes aprendan as diferentes técnicas.

Sobre as 12.30 horas, o escritor Francisco Narla fará a presentación do seu libro De Hombres y Ríos unha obra que amosa os segredos dos integrantes da selección española de pesca a mosca que conseguiu tres ouros e dous bronzes no últimos cinco campionatos mundiais FIPS- Mouche.

Haberá unha parada para comer na Taberna Airexe e pola tarde



continuarase coa xornada no local do Concello montando mostras.

**INSCRIPCIÓN.** A inscrición da xornada e a comida terá un custe de 25 euros para os non socios do Clube e será necesario chamar ao número 606 318 225.

**PRESENTACIÓN.** Desde ríos de montaña a grandes táboas de chaira, sen esquecer os lagos, enfrontándose a troitas repoboadas ou salvaxes, cada un dos membros do equipo elixiu un escenario e unha técnica: streamer, ninfa ao fío, seca sobre peixe visto ou sobre eclosión, tándem, lago desde embarcación, lago desde beira, etc.

Nestas páxinas, xornada a xornada, os campións descóbrennos os seus segredos, con especificacións técnicas e referencias bibliográficas xamais vistas. Unha auténtica aprendizaxe da man dos mellores pescadores do mundo.

## O BNG solicita explicacións tralo corte dunha árbore na Pobra de San Xiao

O concelleiro do Bloque Nacionalista Galego en Láncara, Iago Bande, demanda explicacións ao Goberno municipal pola corta dunha árbore no conxunto da antiga estación do tren da Pobra de San Xiao, na cal están comezando as obras do proceso de humanización deste entorno.

O edil nacionalista subliñou que o entorno natural que posúe estas instalacións débese garantir o seu coidado e a necesidade de protexelo "a contorna natural da estación vella é parte do Patrimonio de todas as veciñas e veciños de Láncara, tiraron abaixo un exemplar que levaba moitos anos nesta vila e mantíñase san"

Neste sentido, Iago Bande destacou que hai alternativas para manter e garantir o bo estado das árbores "antes de practicar unha corta, podíase haber empregado outras técnicas para manter este exemplar, isto é a coherencia deste goberno municipal"

Segundo as informacións do goberno municipal, existía algunha queixa a título individual sobre a árbore cortada. O edil nacionalista puntualizou o proceder por parte da Alcaldía "non pode ser que porque haxa unha queixa a título persoal se actúe, a veciñanza constituída nas comunidades de propietarios da contorna é quen debe solicitar a actuación".

## Comezan os traballos de limpeza e mellora nas antigas vías do tren

Dende que o Concello de Láncara adquiriu os terreos da antiga vía de tren son moitas as posibilidades de aproveitamento deste espazo. Para comezar, están a limpar e adecuar o entorno para que os veciños e veciñas poidan utilizalo como ruta de paseo.

Para levar a cabo estes traballos de limpeza e mantemento será o persoal municipal e a maquinaria da Deputación provincial os encargados de eliminar os residuos, a maleza, e todo aquilo que supón un risco para a seguridade da veciñanza. Na antiga vía estase a aplanar o terreo, estendendo pedra que a posteriori se cubrirá de area. Facendo así un acceso máis cómodo para os cidadáns.

No proxecto tamén se contempla a plantación de diferentes árbores que lle darán a este espazo un lugar e zona verde de paseo e tran-



quilidade.

Estes terreos foron expropiados a Adif por 111.600 euros no pasado mes de decembro. A finalidade da compra deste espazo é o de reformar as instalacións e facer unha mellora importante nos accesos e conexións co centro urbano da Pobra de San Xiao.

O alcalde, Darío Piñeiro informou

con anterioridade de que xa existe un plan especial, onde se contempla un espazo de zonas verdes, así coma unha rotonda que conecte a estrada LU-546 coa rúa Benigno Quiroga e a rehabilitación da estación e do almacén de ferrocarril para empregalo, entre outras cuestións, para actividades de carácter cultural.

## O PP mostra a súa preocupación polas obras sen licenzia municipal

O Grupo Municipal do Popular de Láncara preguntalle ao alcalde "por que mira para outro lado cando se están a facer obras sen licenzia municipal". Os populares censuran así o proceder do socialista, pois "durante máis dun ano a súa compañeira de goberno, e que era a súa man dereita nos últimos tempos, fixo traballos na súa vivenda sen os permisos necesarios e el era e é coñecedor desta situación". Dende o PP censuran así "a ocultación" do rexedor, xa que "non son obras menores, como pode ser facer un alpendre para a leña ou mesmo un galiñeiro, son obras que, segundo o publicado nos medios de comunicación, ascenden a 300.000 euros", afirman.

Por este motivo, o populares maníñanse moi críticos con Piñeiro e preguntánlle: "por que ese trato de favor? Por que hai veciños de primeira e de segunda en Láncara? E por que non dixo nada?" xa que, con tal actuación o socialista podería estar incorrendo "nun presunto delito de prevaricación".

Insisten en que Darío Piñeiro "tiña que estar sabedor de todo". Como exemplo, citan que no verán a entidade local realizou obras na parroquia na que reside a tenente alcalde que el mesmo visitou e que, por tanto, tamén tivo que ver as que a compañeira de Partido es-

taba a realizar na súa vivenda. "O seu descoñecemento non é crible", remarcan.

"Mentras dende o PP pedimos ata en dúas ocasións que se rebaixase o IBI e se bonificase ás explotacións gandadeiras, acadando o voto en contra do PSOE, temos un alcalde que permite estas supostas irregularidades. Esta é a xestión de Darío Piñeiro", denuncian.

Esta non é a primeira vez que Darío Piñeiro permite que se executen obras sen licenzia municipal. Hai anos aconteceu en Trasluste, onde consentiu facer unha vivenda en solo rústico e, en 2018, sendo o promotor o Concello, executáronse actuacións coas máquinas da Deputación por detrás dunha vivenda doutro edil socialista tamén sen permiso. Con respecto a este último caso, os populares expoñen que así foi recoñecido polo propio Darío e que está recollido na acta do correspondente pleno. Por todo elo, dende o PP consideran que o socialista "ten a obriga moral e política de dimitir".

**ESTRADA DE VILLARÍN A FURCO.**

O Partido Popular de Láncara insta ao alcalde a arranxar a estrada de Villarín a Furco con fondos do Plan Único da Deputación, a través do que a este municipio lle corresponden máis de 311.000 euros.

Trátase dunha importante vía de comunicación, pois comunica este municipio cos de Triacastela e Becerreá, pero o seu deterioro é moi elevado, co conseguinte risco que isto supón para os usuarios.

Esta non é a primeira vez que os populares trasladan ao goberno local a necesidade de acondicionar esta estrada. A primeira, foi no pleno de 2016, sendo aprobada por unanimidade a moción do PP. "Con todo, advirte Santiago Cubillas, o Concello non fixo nada ao respecto".

"O certo é que son 3,6 quilómetros que constitúen a vía fundamental desas aldeas para a comunicación cos concellos limítrofes, pero o seu estado é intransitable". Ademais, a construción do parque eólico na zona empeorou notablemente o seu estado; de aí que os populares propoñan ao goberno local que inclúan a súa mellora no Plan Único, estimando que o asfaltado dese treito con aglomerado en quente, pintado e sinalizado, mantendo a anchura que ten, rondaría os 200.000 euros.

"Pensamos que é unha boa alternativa, xa que a través dos fondos da Deputación, se podería acometer definitivamente a súa mellora sen problema".



## Logran un acordo municipal para a homenaxe ao persoal de saúde

Láncara celebrou o plenod e xaneiro, no que se creou unha polémica trala perda dunha tarxeta SIM de móvil propiedade do Concello que na actualidade conta cunha foto de perfil de Whatsapp dunha entidade bancaria.

Neste Pleno aprobouse co apoio de tódolos grupos municipais unha proposta de Alcaldía para recoñecer o traballo do persoal de saúde e sociosanitario, dos voluntarios e de todos os empregados do Concello de Láncara na súa loita contra a COVID-19, polo tanto, cando a situación o permita celebrárase unha homenaxe.

A reunión tamén deu a coñecer os cambios que se producen no goberno local trala renuncia de Begoña López como tenente de alcalde e membro da xunta de goberno e responsable dos servizos sociais, ocupándose así doutras delegacións. Esta renuncia foi por motivos persoais.

Ademais, no pleno aprobouse de maneira definitiva o plan especial de infraestruturas e dotacións para a integración destas e as súas



conexións coa trama urbana de A Pobra de San Xiao. Isto permitirá comezar os proxectos expostos para a antiga vía do tren como a construción da rotonda de enlace da LU-546 coa rúa Benigno Quiroga, o carril bici ou a senda verde. Neste punto, tanto PP como BNG mostraron a súa desconfianza por non haber sido invitados ao acto de entrega da antiga estación e propuxeron un concurso de ideas sobre as actuacións que se poden levar a cabo nesa contorna.

**POLÉMICA.** Un número de teléfono pertencente ao Concello conta na actualidade cunha foto de perfil de Whatsapp dunha entidade bancaria. Isto supuxo que tanto PP coma BNG pediran explicacións no pleno celebrado esta semana. O alcalde, Darío Piñeiro explicou que a tarxeta, custodiada por Begoña López, desapareceu e cando a edila comunicou a súa perda era fin de semana polo que ata o luns non se puido dar de baixa e denunciar ante a Garda Civil.

## O concurso 'Láncara contigo no Nadal' deu a coñecer os gañadores

Por segundo ano, o Concello de Láncara presentou o Concurso de Decoración de Nadal *Láncara contigo no Nadal* dirixido a Asociacións, grupos, comerciantes e particulares do Concello.

Esta iniciativa fomentaba a participación activa dos cidadáns de Láncara que colaboraron na inculcación dun ambiente decorativo de Nadal baseado en valores como o traballo xuntos, a igualdade, a fraternidade ou a cooperación, dispoñendo de elementos decorativos que proporcionen á localidade un ambiente acolledor e emocionante de Nadal, dar un papel activo aos cidadáns e grupos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitaria na localidade, fomentando eses valores locais que se expoñen nas diferentes decoracións de Nadal, promovendo o uso de materiais reciclables como recurso educativo para os cidadáns a través da transformación do espazo.

**A NORMATIVA.** Este concurso establecía dúas categorías, a categoría familiar que tiñan que realizar a súa montaxe no seu balcón, ventá, porta, fachada da casa ou



Decorado gañador no concurso de Nadal de Láncara

xardín exterior. A gañadora nesta categoría foi María Isabel Mosquera Fernández.

E a categoría colectiva na que podían participar as empresas, asociacións, grupos ou empresas privadas situadas no concello e que debía realizar a súa montaxe dentro do propio termo municipal, ben sexa unha comunidade de veciños, un barrio, rúa ou praza. A gañadora desta categoría foi María Carmen López López.

A decoración tiña que estar relacionada coa festividade do Nadal e os motivos tradicionais das

mesmas, tendo os participantes total liberdade en canto a estilo e técnica.

Neste certame valorábase o deseño, a orixinalidade, a iluminación, o fomento dos valores locais, a cantidade e tipo de materiais reciclables empregados e o contido didáctico do proxecto. O premio da categoría colectiva é un vale para gastar nos comercios do concello valorado en 300 euros mentres que a categoría familiar é un vale para gastar nos comercios do concello cun valor de 200 euros.

## Val de Láncara repartirá entre os seus socios un calendario do 2022 ilustrado



Membros da directiva da asociación lancaresa

A Asociación Cultural Val de Láncara repartirá entre os seus socios un calendario do 2022 ilustrado a través de fotografías que proxectan as actividades que realiza o grupo durante o longo do ano.

Cada mes está adicado a unha festa, actividade ou festexo propia dese período do ano. Por iso, en xaneiro as imaxes que ilustran o mes son os Reis Magos, en febreiro unha actuación musical, en marzo o entroido, en abril unha comida no campo, en maio os membros da asociación, en xuño outra actuación musical, en xullo unha actividade polo río, en agosto a festa da malla, en setembro as festas patronais, en outubro outra das actuacións, en novembro a entrega do premio Ramón Piñeiro, que na última edición foi entregado ao grupo musical Luar na lubre, e, en decembro unhas camisetas con Láncara de fondo. Esta iniciativa pon en valor o traballo da Asociación polo Conce-

llo de Láncara e os seus veciños.

**PREMIO RAMÓN PIÑEIRO.** Nas últimas semanas, esta Asociación reuniuse coa Consellería de Cultura de Galicia para tratar diversos temas, entre eles, a presentación e celebración do galardón Ramón Piñeiro no Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela.

O premio Ramón Piñeiro, Facer País naceu no 2002 co fin de recoñecer ás persoas, grupos, institucións e colectivos que traballan a prol da cultura de Galicia. Na edición pasada, a número 19 os premiados foi para Luar na Lubre. Este premio concede moi bo prestixio aos gañadores malia que non outorga unha dotación económica.

Ademais de Luar na Lubre e de Xurxo Souto, foron galardoados con este premio personaxes coma Xosé Neira Vilas, Marica Campo, Agustín Fernández Paz, Margarita Ledo, Isaac Díaz Pardo e Luís Tosar, entre outros.

## Xa hai gañadores da campaña 'Mercar en Láncara, terá premio'

Mercar en Láncara, terá premio é unha campaña que organizou o Concello de Láncara para apoiar, promover, dinamizar e activar o pequeno e mediano comercio local incentivando as compras nos negocios da poboación durante o período de Nadal.

**MECÁNICA DO SORTEO.** Os comercios adheridos entregaron aos seus clientes unha papeleta por cada compra no establecemento, esta permitía a participación no sorteo. A entrega de papeletas realizouse ata o día 9 de xaneiro. Os establecementos devolveron ao Concello as matrices dos talonarios

para comprobar as papeletas entregadas na campaña.

O vale poderá canxearse ata o 15 de marzo nos establecementos adheridos á campaña.

**PREMIOS.** O premio de 500 euros para gastar en dous establecementos adheridos, 250 euros en cada un foi para a papeleta número 1714. Os dous premios de 100 euros para gastar nun mesmo establecemento foron para as papeletas 269 e 345. Os seis premios de 50 euros para gastar nun mesmo establecemento foron para as rifas número 1033, 223, 271, 369, 347 e 273.



## A rede eléctrica contará cunha inversión de case 100.000 euros para a súa mellora

O Concello acaba de recibir a autorización administrativa previa e de construción da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para as obras de mellora dunha instalación eléctrica que conta cun orzamento de 98.480 euros. A empresa que realizará as obras será Unión Fenosa Distribución, nun prazo máximo de 12 meses. As actuacións contarán cunha liña aérea de media tensión a 20kV cunha lonxitude de 40 metros de vano a retensar, unha liña subterránea de media tensión a 20kV cunha lonxitude de 117 metros en condutor RXHZ-240 mm.

E un compacto telecontrolado, na cal se instalarán dúas celas de liña e unha de protección. As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no proxecto de execución, debendo realizarse a dirección de obra polo técnico competente. A peticionaria asegurará o mantemento e vixilancia das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manteñen as condicións regulamentarias de seguridade. En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación.

## O PSOE leva propostas ao Concello sobre o investimento da partida do Plan Único

O Plan Único da Deputación deixará no Incio unha partida de preto de 290.000 euros. O PSOE propuxo unha serie de melloras e actividades nos que invertir o diñeiro a prol da veciñanza e do municipio. Entre as propostas do grupo socialista atópase a mellora de varias estradas en mal estado e a construción dunha pista de pádel, un dos deportes que está máis en auge tanto en novos como en maiores. Relacionado co deporte, propoñen tamén a realización de actividades deportivas ao aire libre para aqueles veciños de maior idade. Os socialistas aproveitaron para solicitar unha inversión en compra

de material de prevención para axudar aos negocios do Concello a sobrelevar a situación que está a causar a Covid-19. Ademais, propoñen un incremento na contratación de persoal de obras e servizos xa que, na actualidade, o Concello conta con 54 parados a maioría deles maiores de 45 anos. En canto a actividades culturais, o PSOE propoñen que se retome a celebración da Feira de Artesanía e Etnografía. Debido á Covid 19 leva sen celebrarse dous anos e está a perder o valor ao non realizar ningún tipo de actividade online ou publicitaria.



**CASA DO MAIOR.** A Casa do Maior Casa de Ferreiro do Incio celebrou unha xornada de portas abertas. A Casa do Maior está rexentada por Clara Raposo, aquí os usuarios poderán realizar diferentes actividades co fin de estar acompañados e entretidos na súa zona. As instalacións están adaptadas para ofrecer maior calidade de vida para os maiores.

## O alumnado do obradoiro dual de emprego reparou o Carboeiro

O alumnado do obradoiro dual de emprego 'Bóveda, O Incio e A Pobra do Brollón' realizou os pasados días traballos de reparación dun cerrado no campo de fútbol do Carboeiro.

Este tipo de actividades mesturan a formación teórica coa práctica para que a formación do alumnado sexa completa. Desta forma os estudantes levan á vida real o aprendido na aula. Nesta ocasión, o alumnado encargouse de facer un peche no campo de fútbol do Carboeiro que se atopa na Cruz do Incio. Este é o campo de referencia do Incio Terra Brava Club.

O Concello promotor deste obradoiro é o de Bóveda, que asinou convenio coa Pobra do Brollón e O Incio, conforme ao previsto na Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e



Traballando nos novos valados do campo de fútbol

subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

Os alumnos e alumnas estanse formando en dúas especialidades

formativas: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, que se realiza na Pobra do Brollón e, por outro lado, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, que se leva a cabo nos Concellos de Bóveda e O Incio.

## Fallado o concurso de decoración de vivendas de Nadal do Concello



Primeiro premio do concurso de decoración de vivendas de Nadal

O Concello do Incio fallou o concurso de decoración de vivendas polo Nadal que contou cun total de 16 participantes de diferentes parroquias do municipio.

O xurado que estivo formado por Begoña Otero Fernández, directora do CEIP Ricardo Gasset, María Elena Rodríguez Losada, monitora do obradoiro de emprego de Bóveda, O Incio e Brollón e Asier Maceda González, administrativo do Concello do Incio, determinaron cales foron os gañadores. Este concurso consistía na decoración de vivendas, fachadas e balcóns polo Nadal, coa finali-

dade de promover e contribuír a crear un ambiente festivo no Concello nesta datas.

Unha vez realizadas as visitas ás vivendas participantes no concurso determinaron que o primeiro premio cun valor de 150 euros fose para Luís López Arias pola súa decoración en Barreiro (San Pedro do Incio), o segundo premio valorado en 100 euros é para Pilar López Vide de A Cruz do Incio. Os dous terceiros premios, cun valor de 25 euros cada un son para Silvia Macía Díaz de Hospital do Incio e Manuel Veiga Veiga de Dontide.

## O alumnado do CEIP Ricardo Gasset recibiu a visita de Carme López

Carme López estivo no colexio Ricardo Gasset do Incio para ensinalles aos nenos e nenas os instrumentos da música tradicional galega. No patio do colexio souu a gaita, o tamboril, a pandeira, o pandeiro e a pandeireta.

Ademais, a visita tamén serviu para que os nenos puideran aprender e acompañar diferentes cantos de agualdos, oficios e aos Manueles e Manueles con cunchas, culleres, tixolas e incluso rodos con pedras.

Por último, aproveitando o día de sol, aprenderon algúns pasos para bailar a peza Esparaván de Xarín e algún punto de muiñeira que bailaron coa Carballeira do Incio.

A actividade foi subvencionada pola Anpa do centro. Co fin de dar valor a unha parte esencial da cultura, a música tradicional. Esta caracterízase polas súas formas, muiñeiras, xotas, maneos, alalás, aturuxos, coma os seus instrumentos entre os que destacan a gaita galega, pandeireta e as cunchas. Como música tradicional que evolucionou oralmente, comparte trazos en común coas áreas veciñas de Asturias, Portugal e León e en xeral coa tradición musical de Europa Occidental.



# “Todo o que se escribe é un diálogo coa literatura”

A escritora Marica Campo é natural do Incio pero reside en Guitiriz

María Pilar Campo Domínguez coñecida como Marica Campo, é unha escritora en lingua galega. Naceu en Val do Mao, concello do Incio, Lugo. Dos quince aos vinte anos estivo como misioneira nun convento onde realiza a carreira de Maxisterio e estudos de Teoloxía. Exerceu de mestra en varias vilas da provincia de Lugo, xubilouse en 2008 en Guitiriz, onde continúa residindo.

## Como definiría a Marica Campo?

Uf, é mellor que me definan outros porque unha cousa é como nos vemos e outra cousa é como nos ven. Pero, en todo caso alguén que intenta ser persoa.

## Cal foi o seu maior logro?

Na parte persoal, ter moitos amigos e moitas amigas. A nivel profesional tiña que facer moitas máis cousas, é dicir, o meu tempo non me deu para moito porque atendín a demasiadas cousas. Non me arrepinto porque o importante é vivir pero realmente non tiven o tempo que me faría falla para facer unha obra como eu quixera.

## Cal é a súa inspiración?

Poñerme diante do ordenador e traballar. E despois, o país, as voces silenciadas das mulleres deste país e a propia literatura porque todo o que se escribe é un diálogo coa literatura.

## Diría que non existen as musas?

Aínda que todos sabemos que temos días en que todo flúe doutra maneira, penso que ten máis que ver co estado de ánimo, coas hormonas pero tenos que coller traballando. Eu sempre digo que a inspiración é un chisqueiro pero para facer unha fogueira hai que xuntar leña.

## Está a traballar nalgunha nova publicación?

Estou traballando nun proxecto do que non podo falar. Sempre teño algo en mente pero é o de sempre me falta tempo, escribo todas as se-

manas para a prensa e non me da moito máis.

## Cal é a obra da que se sente máis orgullosa?

Orgullosa non me sinto de nada, todo hai que tomalo como un agasallo que nos fai a imaxinación pero que me guste máis *Confusión e morte* de María Balteira.

## A súa terra, o Incio está reflectida nalgunha das súas obras?

Dunha maneira directa nalgún poema. Pero aí tería unha boa canteira que aínda non explorei nin explotei.

## Encontrou algunha traba polo feito de ser muller á hora de escribir e publicar a súa obra?

Si a houbo non me enterei pero non quero dicir con isto que non existan para moitas mulleres. Eu recordo

mo que me poidan ter antigos alumnos e alumnas.

## Notou algún tipo de decadencia no uso do galego entre os máis novos durante os seus anos na educación?

Hoxe todo o mundo sabe que o galego non é unha lingua de segunda que é unha lingua coma outra calquera e que ademais é a nosa, máis, ese menosprezo do galego segue presente e é moi difícil desterrar os prexuízos aínda tendo o coñecemento de que as cousas non son así. O problema está en que cada vez se usa menos. Aí se ten que dar a política lingüística do sistema educativo imposto pola Xunta. Se fala moito de que o galego se impoñía, e a realidade é que o galego non se impoñía, este é a lingua de aquí. O que si se impuxo a todos foi o castelán. Entón non son optimista porque a cousa



unha vez que me dixeron fai moitos anos que escribía como un home e encenderonseme todas as alertas. Dícimo como algo positivo pero nada máis lonxe da miña intención.

## Como valora os seus anos no eido da educación? Que opina sobre o sistema educativo actual?

Opino que tería que empezar agora porque debo saber algo máis. Agora que estou fora me da para seleccionar máis e saber o que non fixen ben. Paréceme que non fun unha gran profesional. Á marxe do agari-

vai minguando continuamente. Os que o falamos algún día morremos.

## Con quince anos ingresou nun convento co fin de ser misioneira? Que supuxo esta etapa na súa vida?

Eu pasei a miña transición dunha época de moita rebeldía. Fun unha adolescente tremendamente rebelde e seguino sendo despois de saír de aí. Dalgunha maneira me fixo un pouco máis reflexiva cousa que me facía boa falta. Isto foi un fragmento que me deu a coñecer xente de diversos sitios, tanto en Madrid como



en Salamanca como en Ourense estiven con xente de distintas nacións e iso sempre é positivo.

## Que supón o Incio para vostede?

É a miña terra de nacemento e para min é unha metonimia de Galicia é unha parte de todo o que é Galicia. Aí foi onde aprendín a amar a terra. Cando lle dicían a Neruda que falase sobre a súa poesía el dicía “convído a quen queira a entrar comigo no bosque dos carballos vermellos no sur de Chile onde comecei a amar a terra” pois eu convído a quen quixer a que entren comigo no Incio e nas terras das montañas do Sureste da provincia de Lugo onde comecei a amar a terra.

## Como comezou a súa conexión coa escritura?

Iso ven de toda a vida, mesmo antes de que soubese escribir porque cando me contaba un conto cando me levaban a cama eu sempre dicía que o contaba eu que non mo contasen entón eu empezaba a inventar, o que pasa é que chegaba a un punto que non sabía como seguir e empezaba outro. De calquera maneira, calquera cousa que me gustase, unha música, unha canción, efectivamente me daba esa inspiración e dábanme ganas de escribir eu de contar a miña experiencia con ese encontro estético da paisaxe, dunha canción, dun poema ou doutra historia.

## Cal foi o seu principal referente?

Non cho sei dicir porque lin tantísimo de nena que non o podes imaxinar. Lía cousas que non entendía pero me gustaban as palabras. Lía ensaios sendo unha cría que non sabía nin

de que ía a cousa. En canto os libros xuvenís foron un descubrimento Enid Blyton e Os cinco, os rapaces que andaban sempre de aventuras ou outros relatos desta escritora. A parte de iso cousas de Salgari, Verne, Stevenson, os de aventuras. A parte de iso a poesía de Rosalía, de Curros...

## Que fai Marica Campo no seu tempo libre?

Non o teño. Teño temporadas claro pero agora mesmo ando ben ocupada. Gústame cociñar, camiñar, todo o que fose facer bricolaxe, no Val do Mao facer mesas de cerámica e cousas polo estilo. As cousas manuais encántanme.

## Cal é o seu xénero literario favorito?



Creo que a poesía.

## Escritor actual favorito?

É moi complicado, hai moitos por fortuna. Nunca tanta obra se publicou. Naturalmente entre tanta hai cousas malas pero tamén hai cousas moi boas e non é por non me mollar pero non querría deixar de citar ao mellor a persoas que efectivamente me encantan entón non podo escooller un ou unha.

## Algún soño por cumprir?

Si, pero algúns xa non se me van a cumprir nunca. Por exemplo, encantárame ver actuar a Mario Rodríguez e aló vai. A última vez que veu a Galicia xa non quedaban entradas. E como eso pasa con moitas cousas que non teñen volta. E moitos soños non os podo cumprir pola miña fobia aos avións, non son capaz de subir sin que me entre ansiedade.





## A aldea modelo de Trascastro opta a unha liña de axudas



A zona de Trascastro

As aldeas modelo, das que forma parte Trascastro no Incio, poderán desfrutar dunha liña de axudas da Xunta para o financiamento de proxectos que axuden a mellorar e ampliar servizos básicos dos lugares.

Unha aldea modelo é un tipo de instrumento de recuperación da terra agraria que ten como obxectivo poñer en produción de maneira sostible, as terras abandonadas da alta capacidade produtiva que rodeas os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e a redución do risco de incendios.

A aldea modelo de Trascastro foi a primeira declarada como tal na provincia de Lugo. Conta con 14

hectáreas de terreo. O proxecto levado a cabo neste punto desde a súa declaración supuxo a roza da zona que serve para manter e alimentar vacas cachenas dun gandeiro da zona. O sistema de produción é en extensivo, as vacas están en liberdade e o manexo é máis complexo.

Outro dos proxectos que se está a desenvolver na aldea modelo de Trascastro foi a recuperación da produción de castaña nos soutos tradicionais da zona.

A primeira convocatoria destas axudas dispón dun total de 1.093.333 euros. Os proxectos que se presenten e reciban a axuda deberán estar executados o 30 de setembro de 2022.

## O acceso ao núcleo Vilar da Vara estará cortado durante tres meses en dous puntos



O núcleo de Vilar da Vara

O acceso ao núcleo de Vilar da Vara estará cortado en dous puntos durante tres meses polas obras no tramo ferroviario que supón a demolición do paso inferior da Penela.

O acceso dende o Gruñedo e dende a estrada de Nadela a Monforte de Lemos (LU-546), en Noceda permanecerán cortadas ata o 24 de abril. Os vehículos serán desviados pola vía que une Pacio do Río en dirección Eimer e Vilar da Vara. Os traballos a executar nas vías do tren suporán a demolición do

paso inferior da Penela. Esta obra enmárcase no proxecto de tratamento de elementos das infraestruturas coma pontes, túneis e explanacións que se están a levar a cabo no corredor ferroviario de Monforte de Lemos-Lugo nos puntos quilométricos 379,750 e 386,474.

Aquelas persoas que queiran acceder as fincas lindeiras con animais ou maquinaria poderán facelo tras chegar a un acordo cos encargados das obras.

## Tres casas do maior para mellorar a calidade dos veciños

O Concello de Triacastela conta con tres Casas do Maior nas parroquias de Xeroser, Folgueiras e Vilabella. Estas son unha especie de centro de día subvencionados pola Consellería de Política Social e que acollen a cinco usuarios durante oito horas ao día de luns a venres.

As casas do maior son lugares onde os veciños pódense reunir, crear veciñanza, facer actividades e estar en compañía nun entorno rural. Son pequenos centros de día que permiten que os municipios que non contan con este tipo de servizo poidan ofrecer terapias e actividades aos maiores dentro da súa contorna.

Os veciños que necesiten utilizar ou ingresar nalgún destes servizos terían que desplazarse ata a residencia de Samos ou a de Sarria, ambas de titularidade municipal. E no caso de necesitar un centro de día o que hay é no Concello de Sarria pero é privado. Polo que estas Casas do Maior son a alternativa perfecta para os que non necesitan atención 24 horas.

Á fronte destas tres casas atópanse Erica en Xeroser, Marta na de Prado e Maricarmen en Vilar, e comentan que as tres casas xa contan con un usuario e para solicitar as restantes os interesados poden chamar aos Servizos Sociais do Concello de Triacastela 982 548 147 ou directamente a elas Erica 672 279 090, Marta 676 157 471 e Maricarmen 689 234 214.

**XEROSER.** A Casa do Maior atópase no baixo do restaurante Vilasante e conta cunhas instalacións novas e con espazos adaptados para que sexa cómoda para aquelas persoas que teñan mobilidade reducida. Ademais, as persoas teñen unha atención individualizada e realizan actividades personalizadas.

Está rexentada por Erica e aquí os usuarios poderán realizar diferentes actividades co fin de estar acompañados e entretidos na súa zona. As súas instalacións non teñen barreiras arquitectónicas, polo que son accesibles para calquera persoa. Este tipo de servizos son fundamentais para garantir un envellecemento digno e acorde as necesidades de cada persoa. O horario é de 10.00 a 18.00 horas de luns a venres e as persoas usuarias poden contratar o xantar.

**PRADO.** A Casa do Maior Prado na parroquia de Folgueiras ten catro prazas libres para aqueles veciños da zona que estean interesados neste servizo. As instalacións están novas e conta con equipamento xeriátrico homologado, sala de estar e comedor con televisión. Ademais,



De arriba a baixo, Erica, Marta e Maricarmen nos seus centros

as persoas terán unha atención individualizada e realizarán actividades personalizadas.

A Casa do Maior está rexentada por Marta Silvosa, aquí os usuarios poderán realizar diferentes actividades co fin de estar acompañados e entretidos na súa zona. As instalacións responden a un criterio de ergonómia, atención xeriátrica e de calidade de vida para os maiores. As súas instalacións non teñen barreiras arquitectónicas, polo que son accesibles para calquera persoa. Este tipo de servizos son fundamentais para garantir un envellecemento digno e acorde as necesidades de cada persoa. O horario é de 9.00 a 17 horas de luns a venres. As persoas usuarias poden contar con transporte gratuíto financiado pola Xunta de Galicia e servizo de manutención que ten un

prezo de 5 euros diarios e no que se inclúen almuerzo e xantar ou xantar e merenda.

**ESCOLA DO VILAR.** A Escola de Vilar na parroquia de Vilabella xa conta coa primeira usuaria. Esta casa do maior comparte espazo co centro social, aínda que son instalacións independentes.

A Casa do Maior está rexentada por Maricarmen Doval, aquí os usuarios poderán realizar diferentes actividades nas instalacións que contan cun ximnasio, cociña, sala de descanso, baños adaptados e unha oficina. Este tipo de servizos son fundamentais para garantir un envellecemento digno e acorde as necesidades de cada persoa.

O horario é de 9.00 a 17 horas e existe a posibilidade de contratar o xantar.



## Rematada a humanización na contorna da antiga ferrería

A humanización na contorna da antiga ferrería, que serve de entrada ao pobo e tamén de saída do Camiño Francés por San Xil, xa está rematada. O investimento realizado para esta obra foi de 49.917,03 euros.

O proxecto executado en Triacastela tiña como fin acadar unha humanización integral da marxe dereita da avenida Camilo José Cela, localizada nas proximidades do Camiño de Santiago e na contorna da antiga ferrería. Para logralo, acometeuse a pavimentación en pedra da zona, dotándoa ademais de beirarrúas amplas e seguras, e colocáronse muros de mampostería en sintonía coa contorna e primando os materiais propios da zona para xerar un impacto visual positivo.

Tamén se levou a cabo unha mellora dos servizos existentes, coa renovación do alumbeado público, a substitución da rede de pluviais, a remodelación do firme e a instalación de



nova sinalización. Así mesmo, unhas actuacións máis visibles consistiu na execución dunha escaleira de acceso desde o ramal 1 cara á zona peonil da avenida.

A alcaldesa de Triacastela subliñou a importancia deste tipo de actuacións para os concellos galegos, que no seu caso concreto permitiu humani-

zar a entrada ao pobo e á vez, “dotar de servizos” ás vivendas da zona. “Creo que as persoas que pasen por Triacastela de camiño a Santiago van levar un recordo moito mellor do noso pobo grazas a esta intervención nas inmediacións da avenida Camilo José Cela e no coñecido como Camiño Vello”, declarou.

## O obradoiro de emprego arranxa o Camiño en Pasantes



Dez alumnos do Obradoiro de Emprego levan acondicionando dende o outono o camiño de Santiago ao seu paso pola parroquia de Pasante. A súa primeira actuación foi a construción dun muro de 40-50 metros de largo. Na actualidade, están a traballar nun segundo muro que terá unha lonxitude máis pequena, entre 25 e 30 metros pero a altura será maior. Estes alumnos pertencen ao obradoiro de emprego que se forma na es-

pecialidade de operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas.

Espérase que esta estrutura estea rematada en marzo, co seu remate, o alumnado trasladarase a outros concellos a seguir traballando. Esta formación ten unha duración de 9 meses nos que se mesturan teoría e práctica, sendo a práctica este tipo de traballos. Esta actividade conta cun investimento de 346.946 euros.

## A secretaria de turismo de Yucatán visitou o Concello



A secretaria de turismo de Yucatán, México, Michelle Fridman visitou onte a vila de Triacastela co fin de coñecer máis o Camiño de Santiago e collelo como referente para o Camiño Maya que quere instaurar no seu país.

Triacastela ten unha gran importancia no Camiño de Santiago e por iso foi a elixida pola delegación do estado mexicano de Yucatán. No acto estiveron presentes a alcaldesa de Triacastela Olga Iglesias, o director da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo Ildefonso de la Campa e o presidente Amigos do Camiño de Santiago na comarca de Sarria, Jorge López.

Ademais, nos últimos tempos son moitos os mexicanos que peregrinan ata Santiago de Compostela polo

que coñecer esta experiencia de primeira man era un dos obxectivos de Michelle Fridman.

A chegada a Triacastela da secretaria de turismo inicouse cun intercambio de obsequios propios de cada territorio coa rexedora de Triacastela, a continuación, percorreron un tramo do Camiño Francés no municipio, tendo como paradas obrigatorias o castaño de Ramil que ten máis de 800 anos de antigüidade e o monumento ao peregrino. Ademais, aproveitaron para visitar o mural de Mon Devane que está nominado ao mellor mural do mundo en 2021. A visita continuou en Sarria, na asociación de Amigos do Camiño onde o presidente lle explicou o proceso para conseguir a compostela para rematar a visita en Portomarín.

## O mural de Mon Devane foi finalista como o mellor do 2021

The Best of 2021 Street Art Cities é unha plataforma global que ten como misión promover e documentar o arte urbano no mundo. Están activos en case 900 cidades con máis de 37.000 obras de arte. Durante o último ano, fóronse compartindo os murais e traballos acadando como resultado unha selección das 100 obras de arte máis populares do 2021. Esta lista conta con rincóns de todo o planeta, dende Dinamarca ata Sudáfrica. O mural realizado por Mon Devane en Triacastela, forma parte desta se-

lección e ten a oportunidade de ser o gañador. Este, forma parte dunha exposición fixa que o artista realizou en diferentes puntos do Camiño de Santiago e que consta de sete murais enormes, na que, representa a unhas persoas significativa da zona. As obras desta exposición permanente están situados no rural galego.

O artista inmortalizou en Triacastela a Xermán Arias, un lutier de Vilei que se encarga de fabricar e arranxar instrumentos musicais de corda dende o seu taller en Sarria.



**CURSO DE DESFIBRILACIÓN.** Un grupo de veciños de Triacastela recibiron formación de desfibrilación semiautomática externa nun curso que lles deu as competencias básicas para actuar en situacións de emerxencia. O curso foi impartido pola Cruz Vermella

## A ITV agrícola estará en Triacastela en febreiro

A unidade móbil da Inspección Técnica de vehículos agrícolas desprazarase ao Concello de Chantada no mes de xaneiro.

A unidade prestará servizo na praza do Concello dende o día 15 de febreiro ao 17 de febreiro, dende as 09.00 ás 13.30 horas pola mañá e de 15.15 a 18.00 horas pola tarde.

As persoas interesadas deben solicitar cita previa chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycity.com](http://www.sycity.com).



## Aberta a licitación para as obras de rehabilitación da antiga casa dos mestres

O Concello de Paradela sacou a licitación para a restauración de dúas vivendas da zona por 135.523 euros. As vivendas situaranse na antiga vivenda dos mestres. Será a primeira planta desta edificación, que data de 1960 a que se renovará para outorgar a dúas familias con recursos económicos escasos unha vivenda de calidade. A obra suporá a restauración integral do edificio. Nel, renovarase a cuberta e as carpinterías exteriores, faranse traballos de rehabilitación da fachada, mellorarase o acceso á urbanización pola parte traseira. Ademais, tiraranse os tabiques actuais para poder realizar novas particións no interior da vivenda, instalarse a calefacción,

amoblarase a cociña, o baño e acondicionaranse os armarios empotrados.

Desta forma, cada vivenda contará de aproximadamente 65 metros cadrados divididos en dúas habitacións, unha cociña, un salón comedor e un baño.

Para poder levar a cabo este traballo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo dotou dunha subvención de 96.000 euros ao Concello.

As empresas interesadas poderán realizar as súas ofertas a través da plataforma Silex da Consellería de Facenda ata o vindeiro 10 de febreiro. As obras terán un prazo de execución de 9 meses polo que deberán estar rematadas no mes de outubro.

## O Concello recada fotografías antigas entre a veciñanza

Debido á situación sanitaria que se está a vivir dende o ano 2020, o Concello de Paradela freou a realización de actos oficiais, promovendo así a seguridade dos seus veciños. Prescindindo así da celebración de xuntanzas e homenaxes. Por este motivo, non se realizou ningún tipo de conmemoración polos 200 anos da entidade que cumpriu nese mesmo ano.

Coa chegada das vacinas, a mellora na conxestión hospitalaria e a volta á normalidade, o Concello, quere ir retomando pouco a pouco a activi-

dade e comezar cunha exposición que reflicte a vida en Paradela.

Esta memorización especial será unha exposición de fotos antigas que axuden a recrear a historia do concello en imaxes. Para iso solicita a colaboración dos veciños para que lles fagan chegar fotos antigas dos distintos lugares, actividades e persoas do concello. Estas imaxes serán devoltas aos seus donos unha vez se realice a copia.

Para obter máis información pódese chamar ao número 982 541 101 ou nas oficinas municipais.

## Convocadas tres prazas de peón para obras públicas municipais

O Concello ten aberto o proceso de selección para a contratación de tres peóns de obras públicas como persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021. Os contratos serán de xornada completa e terán unha duración de seis meses rematando en todo caso o 31 de outubro de 2022.

As bases desta convocatoria poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web oficial, ademais de no BOP do día 4 de febreiro. O sistema de selección dos aspirantes será o de

concurso-oposición.

Os peóns realizarán os traballos nunha época do ano na que existen maior acumulación de tarefas en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais como as accións de conservación e mantemento de recursos naturais, accións de mantemento dos espazos públicos urbanos e conservación e mantemento de edificios, instalacións e vías municipais.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán ter cumpridos os 16 anos e posuír o permiso de conducir tipo B e o CELGA 2.

# Paradela convocará o concurso dos locais do parque empresarial

Co remate das obras de construción do viveiro de empresas de Paradela chegan as ofertas das distintas empresas para adquirir algunha das instalacións. Será ao longo deste mes de febreiro cando o Concello seque a concurso os cinco locais do polígono, unha vez redactadas as bases reguladoras.

Unha vez saia o concurso, os interesados terán un mes para presentar as solicitudes. As instalacións estarán destinadas a aquelas empresas que aínda non estean constituídas e o fagan nun máximo de tres meses desde que se resolva o acollemento, e a aquelas empresas que teñan como máximo seis meses de idade dende a súa constitución ata a data da solicitude. É fundamental que o proxecto que presente cada empresa garanta estabilidade no emprego e na actividade que vai desenvolver, sendo esta acorde e afín as características físicas do viveiro.

**ACTUACIÓN NO VIVEIRO.** As actuacións no viveiro contaron cun custe final de 280.962 euros e su-



Saen a concurso os locais do parque empresarial

puxeron a urbanización do acceso, a construción de estruturas interiores, instalacións de electricidade e fontanería, carpintería, seguridade contra incendios, etc. A promoción do polígono comezou no ano 2018 coa adquisición de dúas parcelas no parque empresarial. Foi neste ano cando comezaron as obras que se viron obrigadas a paralizarse despois de que Suplusa, organismo inexistente na actualidade, non tivera os documentos en regra. No 2019 retomáronse estes traballos que deron

fin no 2020. O viveiro de empresas supón unha maneira de promover e dinamizar os negocios da vila, favorecendo a creación de novas empresas que axuden a potenciar o tecido empresarial do municipio.

As últimas obras levadas a cabo no 2021 tiñan como obxecto o de crear espazos funcionais que contén con superficie diáfana e dispoñan de recepción, vestiarios e aseos, entre outros servizos, para ofertalos a novas firmas que dean os seus primeiros pasos neste polígono.

## A Asociación de Mulleres Rurais da localidade organiza o programa do Entroido

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela está a organizar as actividades que terán lugar no Entroido. Comezaran a celebración cunha cea baile o día 26 de febreiro ás 22.00 horas e, o 28 ofrecerán actividades e programación infantil aos nenos da vila.

O día 26 de febreiro, o mercado gandeiro acollerá aos veciños e socios cunha cea baile para celebrar o entroido. O menú terá como gran protagonista a carne de xabaril, unha comida típica na asociación xa que tódolos anos ofrecer esta carne que é cedida polas cuadrillas de cazadores da zona.

Ademais, a xornada estará amenizada por un dúo musical que está por determinar. Para poder acudir á cena terán que realizar inscrición previa por whatsapp nos números de teléfono 649 240 466 (Rocío) ou 669 849 518 (Mila). O custe da cea baile será de 15 euros as socias e 20 euros os non socios.

A festa infantil de entroido terá lugar o día 28 de febreiro a partir das 17.00 horas no mercado gandeiro. Esta ofrecerá unha merenda para nenos e os acompañantes ademais de actividades lúdicas e infantís.



Residencia de maiores de Paradela

## Aforo completo no terceiro aniversario da residencia

A residencia de maiores do Concello abriu no ano 2019 e en pouco tempo encheu por completo o seu aforo. Na actualidade dá servizo a un total de 24 veciños e ten a varios máis na lista de espera agardando unha vacante.

Ademais, esta entidade lembra que colabora cos negocios locais ao facer as compras e as xestións nos establecementos da vila. Os residentes poden desfrutar dun amplo xardín e teñen cociñeira propia. As instalacións, construídas nun terreo de 3.500 metros cadrados localizado no centro da vila.

Conta cun panel de traballadores formado por 14 persoas entre as que se encontran diversos perfís

profesionais enfermeira, psicóloga, terapeuta e xerocultoras.

A xestión corre a cargo da empresa ourensá Troncoso Casares que ten experiencia noutros centros de maiores e que acaba de ser adjudicataria do servizo de axuda no fogar de Lánara.

O Concello ten tamén un centro de día que permanece pechado pola pandemia causada pola covid 19. Este centro comparte estancias coa residencia polo que podía supoñer un risco para os veciños da residencia de maiores. O cento de día conta con 20 prazas que chegaron a cubrirse totalmente ao incluír transporte dende lugares como Sarria, Portomarín ou O Páramo.



## O Concello compra cinco inmobles e terreos para un servizo público

O Concello investiu 150.000 euros na adquisición de cinco inmobles e terreos que terán a finalidade de dar servizos públicos aos veciños da zona.

Un edificio para facer unha residencia de maiores, a adquisición dunha nave que xa estaba a gardar maquinaria e material do Concello, unha casa para a súa habilitación como vivenda ante posibles emerxencias, son algúns dos fins que terán os inmobles e terreos adquiridos.

A Casa da Amelia foi un dos patrimonios que o Concello adquiriu nesta compra. Neste lugar proxéctase unha nova residencia de maiores e centro de día, xa que aínda non hai ningunha no Concello. A localización da Casa da Amelia é un dos puntos máis fortes deste novo proxecto por atoparse preto do centro social Casa do Médico, do centro de saúde, do consistorio e do colexio. Polo que se estaría a centralizar os servizos fundamentais do Concello nun mesmo lugar.

O goberno local adquiriu tamén unha nave que xa estaba pres-



Casa consistorial do Páramo

tando servizo ao Concello como nave para gardar maquinaria e material. Grazas á compra deste edificio estarase aforrando no alugamento do mesmo.

A casa rectoral da parroquia de Piñeiro pasou a ser tamén propiedade do Páramo. Neste lugar, planéase a súa rehabilitación como vivenda ante posibles emerxencias. Para o mesmo fin se quere empregar a vivenda que xa dispón en Moscán.

Nesta mesma parroquia, Moscán, xa é parte do patrimonio do Concello a Casa do Cura, un inmo-

ble que foi posto en pé polos veciños e que se conta que se poña a disposición dos mesmos para que lle den o servizo que eles consideren.

Ademais, tamén se adquiriu unha pequena construción fronte a Casa da Amelia.

Esta compra levouse a cabo grazas a un suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería que se aprobou no pleno do mes de setembro de 2021. Con estes fondos tamén se levaron a cabo obras en pistas municipais, entre outros.

## Estrean Casa do Maior



Interior da nova Casa do Maior

O Concello conta dende xaneiro cunha Casa do Maior, este servizo está dirixido as persoas de máis idade da zona con dependencia de grado I e II e aqueles que non teñan dependencia.

Neste lugar os máis maiores poderán realizar diferentes actividades para axudar a sentirse máis acompañados. O Páramo é un Concello que destaca pola lonxevidade dos veciños polo que é habitual que estes pasen tempo sós. Na Casa do Maior poderán desfrutar da compañía dos seus veciños de luns a venres de 10.00 a 18.00 horas.

Polo de agora, conta con cinco prazas e é gratuito. Para recibir máis información poden chamar ao número 982 162 585, ou visitar o consistorio e a propia Casa do Maior.

Este proxecto supón unha mellora no Concello ao non haber ningún tipo de instalación con estes fins na zona. Adriana Seijo, xerocultora, viu unha oportunidade e púxose mans a obra na antiga vivenda de maestros de Sa, que foi rehabilitada no ano 2020 polo Concello co obradoiro de emprego.

A antiga vivenda de mastros de Sa conta cunha salita, unha cociña, aseos, e unha sala de ocio que serve como comedor. Aquí levarán a cabo distintas actividades que os axudarán a mellorar o seu estado de saúde como ximnasia, obradoiros, cursos de cociña, xogos de lóxico, visualización de documentais e películas, xogos de mesa, etc. Ademais, entre os obxectivos, atópase a realización conxunta de actividades co colexio do Páramo.

## Verónica Arias foi elexida como presidenta do PP municipal

Verónica Arias foi elixida presidenta do PP do Páramo por aclamación no congreso local do partido celebrado este sábado coa participación da presidenta provincial, Elena Candia; o secretario xeral, Javier Vázquez Nodal; o secretario de organización, Javier Vázquez Prado; e o coordinador xeral, José Manuel Balseiro; entre outros compañeiros do partido.

A executiva do PP do Páramo complétase con Yanin Castaño como secretaria, Vicky Vázquez como tesoureira; Cándido Valeriano Vázquez e Gumersindo Rodríguez como vogais. A presidenta provincial explicou que, tralos congresos autonómico e provincial, "o Partido Popular continúa a organizar o seu traballo e renovar os órganos de dirección do partido a nivel local como xa aconteceu en Ribadeo, Viveiro, Friol, Baralla e Sober".

Candia felicitou á nova presidenta celebrando que "sexan cada vez máis as mulleres que ocupen postos tamén á fronte de agrupacións políticas", neste caso, como máxima responsable do partido a nivel local. Tamén destacou "a súa experiencia na xestión e atención aos veciños como



O grupo municipal do PP

membro do anterior goberno local". Verónica Arias, pola súa parte, agradeceu o apoio e asumiu o cargo "coa responsabilidade de recuperar o goberno do Concello e da Deputación acompañada por un equipo con caras novas e presenza maioritaria de mulleres, que sempre foron unha peza fundamental para o desenvolvemento da sociedade galega", dixo. Esta renovación incorpora "xente moza, que son o futuro do noso concello e que queren traballar de cara ao asentamento da poboación no

rural". Nese sentido, explicou que "loitaremos cada día por este obxectivo dende a administración local en coordinación coas demais administracións", engadiu Arias.

A nova presidenta púxose a disposición dos militantes e veciños do Páramo: "non imos escatimar esforzos en aumentar o seu apoio ao proxecto do Partido Popular". De feito, tamén nos marcamos como obxectivo "incrementar a afiliación" e, máis concretamente, "traballar para conseguir sumar a xente moza".

## Segunda vida para a antiga casa consistorial da Torre



O obradoiro de emprego encargouse da rehabilitación da antiga casa consistorial da Torre. Esta reforma tivo unha duración de nove meses e foi levada a cabo por seis alumnos. Entre as súas actuacións atópanse o pintado das estancias, a renovación do solo, a habilitación do aparcadoiro, etc.

A nova función deste edificio rehabilitado é como centro de reunión da veciñanza. Cando a situación sanitaria o permita, as instalacións acollerán diversas actividades como pilates ou zumba. Tamén se quere ofrecer aos veci-

ños da contorna servizo de fisioterapia, etc.

O obxectivo principal é que os parameses teñan un sitio onde encontrarse e reunirse, tanto para facer comidas, como partidas de cartas.

O inmoble conta con dous aseos, unha cociña, un comedor, unha sala de reunións e un cómodo aparcadoiro diante das instalacións para facilitar o acceso.

Na actualidade as sesións plenas neste edificio, teñen lugar nas oficinas municipais do multiusos.



## O PP levará a pleno unha moción para mellorar nove pistas co Plan Único

O grupo popular, que ten por portavoz a José Fernández Vázquez, defenderá unha moción na próxima sesión plenaria na que propón que o Concello repare nove vías municipais con cargo ao Plan Único da Deputación, que, para este municipio, ascende a 282.251,29 euros.

Segundo explican, "a calidade de vida dos cidadáns no medio rural está estreitamente ligada ás boas condicións das vías de comunicación. No caso do concello de Samos hai numerosas pistas que se atopan en mal estado". A relación de vías públicas que os populares queren que sexan melloradas son as seguintes: acondicionamento de A Calella, no lugar de Proucelo; pavimentación da praza en San Cristóbal de Louzara; acondicionamento de camiños interiores en Lourido; vía municipal dende Manxar a Samos; dende o lugar de A Cruz hasta Pascais; acceso dende a estrada de Samos a Zoo ata a igrexa de Loureiro; acceso a casa Fidalgo dende o Cerro no lugar de Teivilide; reparación do firme da vía de acceso ao lugar de Portela-Louzara; camiño de acceso aos pasteiros de Zoo (tapar fochancas e limpeza de cunetas). O portavoz popular di que a citada relación de vías a acondicionar foi elaborada en función das queixas expresadas polos veciños polo mal estado no que se atopan. Sostén que as obras son precisas para mellorar a seguridade vial, tanto para o tráfico rodado como para o peonil.

# A comunidade de montes de Toca solicita a plantación de 4.000 árbores

Neste senso, a comunidade de montes veciñais en man común de Toca, pertencente á parroquia de Renche en Samos, requiriu á Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) a reboación de árbores con 4.000 exemplares. Dende a mancomunidade solicitan a plantación de cereixos, castañas e bidueiros tanto na marxe esquerda como dereita do río Ferreiro e Rego de Valcorveiro.

O monte comunal de Toca xa sofreu unha plantación de máis de 100 árbores por escolares despois de que a zona fose afectada por un incendio no mes de outubro do ano 2017. En Galicia, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal



en man común, xestionado por 2800 comunidades de montes. Isto demostra que esta figura ten un claro indicador económico e produtivo. É necesario recoñecer a achega do monte veciñal na vertente social,

económica e ambiental. Dada a necesidade que ten a valorización do monte como elemento de creación de emprego e de xeración de riqueza, o Goberno quere ser un aliado das comunidades de montes á hora

de conseguir esa visibilidade social e tamén unha maior conciencia na cidadanía sobre a necesidade de poñer a producir os nosos bosques.

O monte veciñal debe ser un dos principais motores do emprego local, o obxectivo é mellorar a explotación forestal e da biomasa, e tamén compatibilizar cos usos do aproveitamento gandeiro (mediante proxectos silvopastoriles), producir cogomelos, castañas ou outro tipo de froitos do bosque e potenciar zonas recreativas e roteiros de sendeirismo que profunden no coñecemento do noso contorno, á parte de programas de educación ambiental dirixidos aos máis pequenos.

## Dá comezo a redacción da segunda fase do plan básico municipal

Iniciada a redacción da segunda fase do plan básico municipal de Samos. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de adjudicar os contratos do acordo marco para o servizo de redacción deste instrumento de ordenación, pensado para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

O importe global dos contratos supera os 220.000 euros sendo para o Concello de Samos un total de 74.463 euros.

Cómpre lembrar que a financiación dun plan básico municipal é unha das vías da Xunta de Galicia para apoiar ás administracións locais na meta de contar cunha ferramenta que lles garanta unha ordenación responsable e sustentable do seu termo municipal e que está recollida na Lei do solo. A adjudicación deste contrato é a continuación dos traballos necesarios para obter a cartografía das 36.890 hectáreas que suman estes tres concellos, que xunto co

resto da segunda fase se unirán á listaxe xa formada por outros nove: Ribeira de Piquín, Riotorto, Trabada, Triacastela, Cartelle, Padrenda, Porqueira e San Xoán de Río; que tomaron como modelo e exemplo o plan básico do Páramo, redactado e impulsado pola Xunta. Estes concellos da primeira fase continúan avanzando na súa tramitación, tras acadar xa a aprobación inicial dos seus respectivos PBM.

## Sae a concurso a renovación eléctrica

O Concello de Samos viuse obrigado a volver a sacar o concurso do contrato para a renovación de luminarias, mantemento eléctrico e subministro da enerxía. As empresas poderán realizar as súas ofertas ata o día 21 de febreiro.

O proxecto supón o cambio de 1300 luminarias led e 112 centros de mando que suporán un aforro enerxético. O contrato será de 12 anos e por un importe de 1,8 millóns de euros.

O IDAE proporcionará unha axuda de 581.000 euros para a renovación do alumeadado e instalacións.

# TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INCIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TRIACASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021



# “As obras importantes son as que dan un servizo á veciñanza”

Julio Gallego Moure, alcalde de Samos dende o ano 2007

Samos é unha vila da comarca de Sarria que conta con 24 parroquias. Está situado aproximadamente a 11 quilómetros de Sarria e a 45 quilómetros de Lugo. Esta vila é un paso obrigado para os peregrinos que camiñan a Santiago de Compostela. Moitos deles durmen no hospedaxe ofrecido polos monxes beneditinos, na Real Abadía Beneditina de San Xulián de Samos, un dos centros relixiosos máis importantes de Galicia.

**Como se iniciou no mundo da política?**

Vén de herdanza xa que meu pai xa foi alcalde. Para meterse en política é fundamental que che guste. Ao ser meu pai alcalde sempre coñeces un pouco máis o campo, introducíste e acabas meténdote.

**Tivo algo que ver que o seu pai xa fora alcalde de Samos?**

Sempre inflúe porque ves como se implica e funciona e vaiche gustando. Si che gusta valo levando malia que non é como aparenta. Pero iso pasa en todas as profesións.

**Cantos anos leva no poder? A que cree que se debe o éxito de ser reelixido candidatura tras candidatura?**

Levo 14 anos e medio. O éxito débese a que teño unha boa lista con boa xente e a que se fai un bo traballo día a día atendendo á xente.

O principal é o traballo do día a día, recibindo a xente, falando con ela e atendendo as súas peticións co fin de facer as melloras posibles no concello. Tendo as mellores comunicacións dentro das posibilidades que teñen os concellos pequenos, tendo en conta que os concellos pequenos do rural estamos esquecidos por tódalas administracións. Os servizos que temos os concellos pequenos son mínimos, os orzamentos son limitados que case non tes para o día a día.

**Cal foi o maior logro que se obtivo en Samos dende que chegou ao goberno?**

As obras importantes son as obras pequenas que permiten prestar un servizo aos veciños, isto é o máis

importante.

Fixéronse obras importantes como o cuartel da Guardia Civil, antes había un vello e fíxose un novo. Tamén se construíu o complexo das piscinas municipais que contan con pistas deportivas para realizar diferentes deportes coma fútbol, baloncesto.

Ademais, cando cheguei no 2007 había uns pisos para a xente maior, dende a miña chegada ao goberno, sacáronse as autorizacións e legalizouse o tema ofrecendo un servizo de calidade aos veciños, xa que o centro de maiores co que contamos é do Concello, ten titularidade municipal. Na actualidade, estase traballando co IDAE para a renovación de tódalas luminarias.

**Cal foi o momento máis compli-**

**“Vexo un bo futuro para Samos, é unha vila que está prosperando grazas ás comunicacións”**

**cado ao que se tivo que afrontar como alcalde?**

No tempo que levo considero que eu tampouco tiven momentos complicados. Sempre procurei levar todo en regra cumprindo sempre a lei e problema gordo, de momento, non tiven ningún.

**Cal é o que máis caracteriza a Samos?**

Eu creo que a localización, onde se sitúa; ter o río polo medio e conta co Monasterio, a capilla do ciprés e unha serie de elementos arquitectónicos. Sobre todo moitos monumentos, castros que caracteriza a Samos e o volve importante para os turistas.

**Se tivera que elixir unha cousa coa que quedarse de Samos cal sería?**

O máis importante en Samos hoxe en día é o Camiño Francés, é o que máis xente aporta e o é todo.

**Como describiría a Samos como concello?**

Samos é un concello con moita historia, no século pasado no ano 1900 rondaba os 10.000 habitantes. A historia é latente polo número de castros que ten, o Monasterio e a súa localización.

**Que pode ofrecer Samos que non teñen outros municipios?**

Para os turistas e visitantes pode ofrecer un Monasterio. Para os cidadáns Samos é unha vila tranquila na que se pode vivir moi ben, ten un pouco de todo, está ben situado, preto de Sarria e de Lugo. E, ademais está ben comunicado.

**Cales son as maiores necesidades de Samos?**

A parte do Camiño Francés, a gandería é o motor da vila, por iso a maior necesidade de Samos é sobre todo o rural. Este campo necesita moita inversión, boas estradas como poden ser as da Deputación que están a medio acabar, fixeron algún tramo de aglomerado. Este sector necesita boas comunicacións e boas estradas. Fixéronse moitas e séguense necesitado.

Tamén precisa telefonía e internet xa que as aldeas están baixo mínimos. Hai moi pouca cobertura un elemento que hoxe en día é necesario. Na actualidade este tema é un pouco deficiente.

**Que solucións podería haber?**

Que os organismos e as administracións centrais, autonómicas e provinciais invistan e lle dean unha solución integral, non solo a Samos senón a todos os pobos do seu arredor, xa que as comunicacións son algo moi importante. A solución está en facer unha inversión ben feita e achegar os servizos a todos os cidadáns.

**Cal é o seu próximo proxecto?**

Na actualidade estase a traballar no cambio das luminarias de todos os pobos e pasalas todas a tecnoloxía LED para obter un aforro, mellorar o servizo e a calidade de luz. Estamos aínda cos pregos, a burocracia é moi lenta e non hai data de final de obra.



Julio Gallego Moure, rexedor do Concello de Samos

**Como visualiza Samos nun futuro?**

Vexo que terá un bon futuro é unha vila que está prosperando grazas as comunicacións. A data de hoxe estívese perdendo habitantes coma tódolos municipios de montaña, porén, agora estamos equilibrados, empezando a recuperar.

**Cal é a súa motivación para ser alcalde?**

A motivación é que me gusta estar cos cidadáns e relacionarme coa xente. Manter unha boa relación cos veciños é a clave desta profesión.

**Que é o que fai de Samos un bo concello para vivir?**

Faino todo. Ter o río polo centro, uns xardíns e paseos para pasar un tempo libre de calidade e estar ben comunicado que é o atractivo de Samos.

**Como fomentaría a vida no rural agora que se está a vivir o despoboamento?**

Eu creo que a única forma de fomentar a vida no rural é dándolle axudas para que a xente non se vaia, non é cuestión de traer xente e de que a que nace aquí non marche, que teña uns medios para poder vivir. A xente que nace aquí

xa está adaptada ao mundo rural e vaise porque a agricultura está complicada.

**Cal cree que é o motivo para que se de o abandono do rural por parte dos máis novos?**

A vida, a incomunicación, non ter bos servizos. E a rendibilidade dos produtos agrarios e gandeiros, hoxe en día véndense a prezos que non saen rendibles, ademais, o traballo non son de oito horas, trátase dun oficio que ocupa de luns a domingo, polo que se tes outra forma de vida a cal che ofrece mellores condicións, cos fines de semana libres, tes outra calidade distinta.

**Ten instaurada algún tipo de política que fomente a estancia e a fixación de poboación no concello?**

Nós cos medios que temos facemos o que podemos. Os medios que temos son practicamente mínimos e o que tratamos e darlles boas estradas, limpar as aldeas e ofrecer os mellores servizos posibles, que é o que se pode facer desde o Concello. Financiar ou subvencionar directamente con recursos propios é imposible cos medios que temos. Damos os servizos básicos e o máximo que se pode.





# DEPORTES

## “O maior logro foi crear un ambiente saudable no que todos desfrutamos”

Adrián Muñoz é adestrador e propietario do club AMR Tennis Sarria

### Como naceu o club?

Naceu a partir dun soño que tiña-meu pai e eu. Desde que eu era pequeno, cando tiña 9 anos empecei a dar os meus primeiros pasos cunha raqueta de tenis. Acórdome perfectamente que íamos os dous ás pistas municipais de Sarria e pouco a pouco fun evolucionando e empecei a competir. Máis adiante cando collín un bo nivel comecei a miña andadura como xogador nos campionatos galegos e unha vez cumpridos os 18 anos, decidín dar un paso máis neste mundo do tenis e inicieime dando as primeiras clases en Sarria. Tiña un par de rapaces e rapazas aos que lles ensinaba todo o que tiña aprendido. A raíz de aí descubrí a miña faceta como adestrador e comecei a dar clases noutros centros e clubs de Lugo. Aí descubrí que me gustaba formar a nenos desde a base, desde máis pequenos ata adultos tamén. Con esta experiencia previa xurdiu a idea de formar un club, con instalacións propias, ter os nosos propios alumnos e formar un club para nós.

### Como sobrevive un club destas características?

A verdade é que con moito traballo e esforzo xa que empezamos dende o máis abaixo que se pode empezar. Nós a día de hoxe traballamos con instalacións prestadas polo Concello e cando comezamos non tiñamos absolutamente ningún alumno. Movéndonos polos colexios, con extraescolares foron saíndo pouco a pouco nenos. O primeiro ano foi bastante complicado porque cando se ten pouca xente é máis difícil crecer, sobre todo cando non é unha actividade moi coñecida en Sarria onde nunha houbo un club que forme nenos desde a base. Antigamente había un club que se dedicaba máis a competir e representar o club de Sarria en campionatos galegos sen que houbera unha base feita. A verdade é que con moito traballo e marcando obxectivos foron conseguíndose pequenos pasos.

### Para que idades son as actividades?

O tenis non ten unha idade limite, nós recomendamos sempre, se son nenos, que se comece con 4 anos, cando xa están máis formados e teñen un mínimo de forza coa que poder manexar a raqueta. E, de aí, para arriba, tanto calquera idade xuvenil como adulta. Non temos un límite de idade realmente.

### Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

O obxectivo principal que temos

sempre é que todos os nosos alumnos e persoal que temos no club se divirtan, que o pasen ben, que aprendan e que estean nun ambiente saudable. Despois o obxectivo do club no 2022 é chegar a ter máis socios, chegar a 50 socios sería o ideal. Seguir crecendo pouco a pouco como club para ter unha boa base e a raíz diso comezar a facer máis cousas e actividades para a xente, co fin de que teñan outra actividade máis na localidade de Sarria. A maiores, deportivamente falando, temos a varios rapaces competindo en campionatos por toda Galicia, puxemos en marcha o equipo absoluto que competirá no campionato galego absoluto por equipos e eses son a priori os nosos obxectivos principais para este ano 2022. Que a escola siga avanzando, que os nenos sigan progresando e tendo nivel e que pouco a pouco vaíamos tendo máis nenos en competición.

### Cales son os valores fundamentais do club?

Nós solemos recalcar moito sobre os nosos alumnos que o tenis non só é un aprendizaxe deportivo senón que tamén é un aprendizaxe para a vida mesma. Ao fin e ao cabo o tenis é

que este é un esforzo que fan os seus pais economicamente, xa que moitas veces os nenos non o teñen en conta e gústanos transmitirles que tamén supón un traballo por parte dos pais.

### Que principios move aos deportistas?

O tenis, a parte boa que ten é que ao ser un deporte individual os nenos séntense máis protagonistas e están máis tempo en acción. É un deporte que non ten paradas, todo o tempo se está activo, isto é algo que chama a atención. Os nenos que son moi activos gústalles moito este tipo de deporte individual comparado cunha actividade grupal como pode ser o fútbol, o baloncesto, o balonmán ou calquera deporte colectivo. Isto é algo que move máis a ese tipo de nenos.

### Cal é o maior logro do club?

En apartados deportivos somos un club demasiado actual, estamos nunha fase demasiado inicial como para ter logros deportivos. Para min, o maior logro que puidemos conseguir é formar unha pequena familia coas persoas que somos actualmente, ter un ambiente saudable no que todos nos levamos ben e desfrutamos desta afección.



unha actividade á que te vas adicar temporalmente. Polo que intentamos inculcar valores fundamentais como o respecto polos compañeiros, polos profesores. Axudamos a conformar nocións coas que se saiban comportar en calquera situación da vida. Ademais, recalcamos que é moi importante a humildade. Que saiban de onde veñen, onde comezaron, que se esforcen cada día por conseguir os seus obxectivos, que melloren cada día, non só como tenistas senón como persoas. Pero sobre todo influímos moito no compañeirismo, que sexan amigos e se axuden os uns aos outros. Tamén intentamos que comprendan

### Cal é o maior desafío ao que se enfrontou o club?

Ter unhas instalacións propias para nós. Como xa comentei, a día de hoxe traballamos en instalacións prestadas polo Concello e o noso obxectivo a longo prazo é ter unhas instalacións propias. Queremos ser o primeiro club da comarca de Lugo en ter instalacións de terra arxila, xa que na provincia non hai ningún club que teña ese tipo de cancha. Gustaríanos a longo prazo poder montar un club con ese tipo de características e poder abrir outros apartados como a preparación física, cun ximnasio para os deportistas e poder abrir outros campos no mundo da raqueta como



Adrián Muñoz, xunto a un dos seus alumnos

poden ser o pádel, o bádminon, o ping pong, abrir as posibilidades. Ese é o maior desafío ao que nos enfrontamos.

### Como está a afrontar a situación que xera a Covid 19? En que afectou?

A situación da Covid é unha situación que nos afectou a todos, a todas as actividades a nivel deportivo como calquera outro ámbito. O tenis ao ser un deporte individual, ao poder manter as distancias, salvouse un pouco con respecto a outros deportes pero tamén afectou á larga. Estábamos en varios colexios dando extraescolares, en campamentos de verán, actividades que facíamos en época estival e todo ese tipo de actividades tivéronse que suspender ou limitar. Temos a esperanza de que pouco a pouco esta situación vaia pasando e se poidan volver a realizar

hoxe, nós empezamos de cero, non é un deporte moi practicado e quizais este foi o maior hándicap que tivemos ata o momento, entón este é o campo no que estamos a traballar a día de hoxe, dar a coñecer esta actividade e que a xente de Sarria saiba o que é o tenis e que os nenos e adultos teñan esa posibilidade.

### De onde son os alumnos? Sarria ou arredores tamén?

A maioría dos alumnos son de Sarria. Hai alumnos de Monforte de Lemos, xente que ven de Lugo e nalgunha época do verán viñeron doutros lugares de España como Madrid, Barcelona e incluso Ibiza. Isto foi a raíz de familiares que tiveron pola zona de arredor de Sarria e que finalmente se puxo en contacto con nós.

### Existen máis clubs que se dediquen a este deporte?

A día de hoxe somos o único club de tenis que hai na comarca de Sarria. Hai outros clubs de pádel pero de tenis non.

### Cales son os vosos puntos fortes?

A sinxeleza, a transparencia o trato coa xente. Ao final gústanos que toda persoa que pase polo club se sinta cómoda e a gusto como na súa casa. A proximidade é un valor fundamental.

### Anécdotas destacadas?

Fai xa un par de anos cando eu comecei a dar clase, con 18 anos, un rapaz veu a preguntarme si daba clases de tenis porque estaba interesado, comezou a adestrar e resultou ser un rapaz con moito talento ao que lle gustaba moito o tenis, pasamos moito tempo xuntos, empezou a mellorar moi rápido e, pasado o tempo, eu chamábo para xogar algunha vez, xa que en Sarria, ao ser a demanda moi baixa, eu tamén precisaba adestrar para poder competir, polo que digamos que esa persoa pasou de ser o meu alumno a ser un dos meus mellores amigos. Foi unha relación que mellorou moito co tempo, fúmonos coñecendo, temos os noso piques porque eu son fan de Nadal 100% e o outro rapaz é súper fan de Federer e digamos que foi así a anécdota máis destacada que recordo.

este tipo de actividades.

### Cantos deportistas ten na actualidade?

A día de hoxe contamos con case 40 deportistas entre extraescolares e a escola.

### Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

A parte dos adestramentos e as competicións, o club organiza campamentos de verán e nos colexios ofrecemos a actividade a aqueles nenos que aínda non coñecen o tenis. Esta é a maneira de que a xente nos coñeza e saiba como traballamos.

### Hai moita demanda de tenis en Sarria?

A demanda non é moi alta a día de



## Comezou a obra de renovación da cuberta no pavillón do Chanto

Os pavillóns da comarca de Sarria están a sofrer obras para a súa mellora polo que comezaron co cambio de cuberta do pavillón de Oural. O tellado tiña filtracións que producían goteiras á pista de xogo, impedindo adestrar e xogar con normalidade en caso de inclemencias meteorolóxicas.

Tras esta actuación, nesta semana, comezaron tamén os traballos para cambiar a cuberta do Polideportivo de Sarria situado na Rúa Castelao. Malia que aínda ten 20 anos o tellado corría o risco de levantamento con fortes ventos e ademais, coa choiva, producíanse goteiras no interior do edificio. Tras un acordo entre o CB Sarria, a empresa adjudicataria e o Concello, chegouse ao entendemento de que as obras se executen no horario de 8.00 horas a 18.00 horas. Desta maneira, a actividade



deportiva dos sarriaos apenas se ve afectada. Tan só os máis novos terán que adestrar nos pavillóns dos centros educativos, debido a que o seu horario é de 16.00 a 18.00 horas.

A empresa adjudicataria foi Umiametal que terá 20 días para a realización dos traballos que contan

cun orzamento de 57.245 euros. Estes traballos súmanse ao acondicionamento dos pavillóns dos institutos que constaron da renovación dos vestiarios con novas duchas e solo antiesbarante. Ademais, tamén se realizaron traballos de carpintería, repintado, reposición de azulexos, etc.

## A campaña solidaria do CB Sarria superou todas as expectativas

Un ano máis, o Club Baloncesto Sarria levou a cabo a súa campaña solidaria no tempo de Nadal. Desta volta, contando coa colaboración de Área de Benestar Social do concello sarriao, e pensando, como é norma, nos nenos e nenas máis necesitados da contorna.

Así, lanzouse a mediados de decembro unha campaña de recollida de libros e xoguets na que se implicou igualmente a familias non vencelladas directamente á entidade baloncestística. Pouco a pouco foise enchendo unha zona do vestíbulo do pavillón "Novo Chanto" coas achegas de persoas incluso de fora do propio muni-



cipio, superando con creces o logro en anos anteriores, e mantendo sempre as normas COVID19

para a súa entrega e recollida. Onte martes 4 de xaneiro, o CB Sarria entregou todo o doado ás persoas encargadas desta labor solidaria, para que procedan a facer a súa correspondente entrega. Dende o club quírese agradecer profundamente a enorme colaboración de todas as familias e permitir así a que os pequenos e pequenas sen recursos teñan os seus xoguets nestas datas tan propias deles e delas.

Nesta campaña encargáronse de recoller libros, contos, tebeos, películas, música, xoguets que non se usen para destinalos aos nenos e nenas máis necesitados da contorna.

## Estudan un novo proxecto de iluminación para as pistas de tenis

O paso de tempo e o uso das instalacións deportivas fan mella nas mesmas, por iso, pasado un tempo é necesario realizar labores de limpeza e acondicionamento que aseguren que a práctica de deporte nas mesmas é axeitada e segura.

As pistas de tenis de Sarria foron sometidas a traballos de eliminación de verdín. Ademais, estase a estudar un novo proxecto que permita a instalación de iluminación para que as

pistas se poidan utilizar durante máis horas. Sobre todo no inverno, onde os días son máis curtos.

Este novo proxecto esperase que se faga realidade no vindeiro mes de febreiro. Esta nova iluminación fomentará a realización de deporte ao aire libre. Os veciños aumentaron a súa participación neste tipo de deportes que carecen de contacto físico dende que a Covid-19 aterrou nas nosas vidas. O tenis e o pádel son dous dos

deportes que están en maior auxe debido a súa seguridade en canto a posible contaxios.

A mellora nas pistas de tenis non foron as únicas actuacións en instalacións deportivas. Na actualidade estase a renovar a cuberta do polideportivo do Chanto que se encontraba en malas condicións, isto supoñía filtracións de auga que poñían en risco de esbaramento aos xogadores no interior do edificio.

## Organizan unha proba deportiva no tramo do Camiño a Portomarín

A etapa entre Sarria e Portomarín converterase nunha proba deportiva o vindeiro 6 de marzo. Trátase dunha experiencia que achega o Camiño de Santiago aos atletas lucenses, que poderán desfrutar dunha contorna idílica.

Cada participante poderá elixir en que carreira participar xa que se presentan tres modalidades. Carreira individual de 11 km ou de 22 km ou carreira de relevos que se levará a cabo por parellas facendo os primeiros 11 km un e os 11 restantes o outro membro da parella.

Tódolos corredores que o soliciten disporán dun autobús que sairá dende Portomarín ata Sarria. Ademais, os participantes que elixan a carreira por parellas e fagan a primeira parte terán tamén transporte de volta a Portomarín.

Esta proba é ideal para aqueles que lles gusta o trail. O percorrido mestura asfalto e trail polo que os deportistas deberán atravesar ríos, camiños, sendeiros, vilas, etc.

Xa está aberta a inscrición. O prezo para a carreira individual de 22 km terá un prezo de 16 euros para os primeiros 100 participantes, a partir do 101 o prezo será de 20 euros. A carreira individual de 11 km custará 10 euros aos 100 primeiros e 12 a partir do 101. O prezo da carreira por



parellas de 22 km será de 26 euros aos primeiros 50 inscritos e de 30 do 51 en diante.

Os dorsais poderán recollese o sábado día 5 de marzo na praza do concello de Sarria dende as 17.30 horas ata ás 20.30 horas e, o domingo 6 de marzo dende as 7.00 ata as 9.00. Para recollelo haberá que amosar o DNI. Para recoller o dorsal doutro corredor haberá que levar unha fotocopia do seu DNI.

A carreira contará tamén cun servizo de transporte de mochilas e haberá duchas a disposición dos participantes en Portomarín. Antes da saída dos deportistas, estes recibirán as instrucións da proba nun breafing que terá lugar ás 9.15 horas en Sarria para a carreira de 22 km e en Mirallos as 10.15 horas para a de 11 km.

## O campo do Carboeiro xa é un espazo cardioprotexido

O campo do Carboeiro do Incio conta cun desfibrilador que aporta maior seguridade para os xogadores e veciños converténdose nun dos poucos campos da provincia cardioprotexido. O Concello conta con outro destes aparellos na casa consistorial.

Aínda que os causantes da morte súbita son diversos e ninguén está exento, existe unha relación moi estreita entre o fútbol e os fallos do corazón. Este deporte esperta a paixón en millóns de persoas e as emocións intensas que se viven nun partido de fútbol fan que xogadores e afeccionados sexan susceptibles de sufrir un paro cardíaco repentino.

O desfibrilador non substitúe a acción do especialista médico. Con todo, se o corazón de alguén deixa de funcionar, contar cunha unida-



de á man, sen ningunha dúbida marca a diferenza entre a vida e a morte.

Se o equipo sanitario non se atopa preto, calquera persoa poderá facer uso dun desfibrilador externo semiautomático DESA. Con todo, tras conectalo a un desfibrilador, este mesmo ten a capacidade de identificar se, en efecto, está a sufrir dun paro ao corazón.



## DE RUTA EN RUTA

# O Incio: Ruta polo encoro de Vilasouto

Esta infraestrutura, que recolle as augas do río Mao e foi inaugurado en 1969, agocha parcelas de cultivo e rochas con petroglifos

O encoro foi unha obra que transformou a paisaxe tradicional da zona fai 37 anos, e planeouse co fin de solucionar as necesidades de abastecemento de auga dos veciños dunha boa parte do val de Lemos. O encoro que recolle as augas do río Mao foi inaugurado en 1969 e supuxo unha importante transformación do medio natural da zona. O encoro anegou terras e vivendas, afectando sobre todo ás parroquias de Vilasouto, Goo e Eirexalba. Os núcleos de Barral, Illeira e Outeiro foron os que perderon un maior número de edificacións. O patrimonio histórico tamén se viu afectado por esta obra, xa que na paraxe coñecida como Agro do Pepe atópanse varias rochas con petroglifos que permanecen somerxidas durante a maior parte do ano. Ó mesmo tempo que se perdían baixo augas numerosas parcelas de excelente terra de cultivo, creáronse ao redor a este lago artificial unhas novas condicións de humidade e tempera-

tura que favorezan a presenza de diversas especies arbóreas e arbustivas. En torno ó encoro de Vilasouto foi acondicionada recentemente unha ruta de sendeirismo que se caracteriza por unha ampla diversidade de atractivos de tipo paisaxístico, botánico, etnográfico e monumental. Unha pista sinalizada e provista de varias áreas recreativas discorre ó longo dunha grande parte do perímetro do encoro. Para facilitar o percorrido tamén se construíron pasarelas de madeira sobre as canles de varios arrosios que discorren pola zona. Un dos aspectos máis destacados deste itinerario son as sinais que permiten recoñecer as diferentes especies de árbores e arbustos que se ven ó longo do camiño: castiñeiro, carballo, chopo, bidueiro, freixo, cerdeira, salgueiro, loureiro... Nas diversas paraxes que atravesa a ruta, ademais, é posible practicar actividades como o baño, a pesca, o ciclismo ou os xogos infantís.

A ruta empeza á entrada do pobo de Vilarreguenga e dende alí hai que saír por un camiño que parte á dereita da estrada que conduce a A Ermida e Cruz do Incio. Aos poucos metros haberá que salvar o primeiro arroio por unha pasarela de madeira e despois o camiño pasará a altura do hotel Hermida Rural, nunha paraxe onde existe unha pequena área de descanso con zona de baño e onde se contemplan unhas belas vistas do encoro. Uns 300 metros máis adiante hai que cruzar o arroio de O Porto por



unha ponte de madeira.

A continuación, o camiño entra nunha zona de bosque na que se atopa a maior concentración de árbores autóctonas da ruta.

O camiño deixa atrás o bosque e sae á estrada. A partir deste punto, no quilómetro 1,7, a ruta corre paralela ó vial durante un bo tramo. Unhas varandas de madeira separan o sendeiro da vía asfaltada e uns 500 metros máis adiante, o camiño chega a unha construción de madeira situada á beira do encoro. Trátase dun miradoiro habilitado para observar as aves e para desfrutar con máis comodidade da paisaxe.

No quilómetro 2,6 finaliza esta parte do camiño, á altura da ponte da presa de Vilasouto, que é preciso cruzar para continuar a ruta. Algo máis adiante está o pobo de Vilasouto, onde algunhas casas de labranza conservan a arquitectura tradicional da zona.



Despois de atravesar a vila, o camiño pasa polo campo da festa, onde hai outra zona de baños e unha ampla área recreativa. O camiño segue bordeando o encoro ata chegar a unha carballeira. En fronte está a antiga igrexa de San Mamede de Vilasouto, de orixe románica, construída orixinalmente no século XII. Conserva algúns

elementos románicos na súa rústica porta principal sen a penas ornamentación. Foi reconstruída en varias épocas e en xuño do ano 1936 sufriu un importante incendio. Ó seu lado atópanse as ruínas da casa rectoral. O camiño prolóngase uns cen metros máis, ata atravesar outra pasarela e acabar á beira do encoro.

## DATOS



1 hora



3,6 km.



Dificultade baixa

**TODO EN ALIMENTACIÓN**

Refrigerados y Congelados

REPRESENTACIONES CABARCOS

\* Hostelería  
\* Colegios  
\* Colectividades  
\* Panaderías  
\* Tienda Tradicional

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / [www.representacionescabarcos.com](http://www.representacionescabarcos.com)